

# O spleen de París

Charles Baudelaire

Tradución de Xela Arias



# Charles Baudelaire

## O spleen de París

### (Pequenos poemas en prosa)

Versión galega de Xela Arias

DEDICATORIA

A ARSÈNE HOUSSAYE

Meu querido amigo, envíolle un traballíño do que non podería dicirse, sen ser inxusto, que non ten pés nin cabeza, pois que, pola contra, todo nel fai as veces de pés e de cabeza, alternativa e reciprocamente. Considere, prégollo, cantas nobres vantaxes iso supón para todos: para vostede, para min e mais para o lector. Podemos cortar por onde queiramos, eu o meu soñar, vostede o texto, o lector a súa lectura; porque non someto a rexia vontade deste ó fío interminable dunha intriga superflua. Quite unha vértebra, e as dúas partes desta tortuosa fantasía poderán xuntarse sen dificultade. Córtea en fragmentos diminutos e verá que cada un pode ter existencia propia. Agardando que algúns destes anacos han te-la suficiente vida como para agradarlle e divertilo, atrévome a dedicarlle a serpe enteira.

Teño que confesarlle algo. Ó follear cando menos por vixésima vez, o famoso *Gaspard de la Nuit* de Aloysius Bertrand (un libro que vostede, eu e algúns dos nosos amigos coñecemos, ¿acaso non ten dereito a ser cualificado de *famoso*?), ocorréuseme intentar facer algo parecido, e aplicar á descrición da vida moderna, ou mellor dito *dunha* vida moderna e máis abstracta, o procedemento que el aplicara para retrata-la vida antiga, coas súas rarezas tan pintorescas.

¿Quen de nós non soñou, os días en que se sente ambicioso, co milagre dunha prosa poética, musical pero sen ritmo nin rima, suficientemente flexible e contrastada como para poder adaptarse ós movementos líricos da alma, ás ondulacións do soño, ós sobresaltos da conciencia?

Este ideal obsesivo nace sobre todo cando un frecuenta as cidades monstruosas e se sitúa na encrucillada das súas múltiples contradicións. ¿Acaso non intentou traducir nunha *cantiga* o berro estridente do vidreiro e expresar cunha prosa lírica tódalas magoantes suxestións que este berro leva ata as bufardas cando atravesa as máis altas brétemas da rúa?

Mais, para dicir verdade, temo que esta envexa miña non me trouxese sorte. Tan logo como empecei o meu traballo, decateime de que, non só estaba moi lonxe de igualar ó meu misterioso e brillante modelo, senón que, ademais, estaba facendo algo (se se pode chamar *algo* o que facía) notablemente distinto; e este é un accidente do que calquera sen dúbida se había oufanar pero que non pode senón humillar a unha mente de poeta que considera como máxima honra poder realizar *precisamente* o que se propuxera.

Seu afectísimo,

C.B.

A MANEIRA DE PRÓLOGO

Ditoso o corazón, subín á montaña

De onde se pode contempla-la cidade toda,  
Hospitais, lupanares, purgatorio, inferno, presidio.  
Onde toda desmesura cal flor florece,  
Xa sabes, ¡Oh, Satán! amo a miña desesperanza,  
Que non ía alá a chorar en van;  
Pero cal vello lascivo coa súa vella amante,  
Quería goza-la *furcia* enorme  
Da que o infernal encanto sempre me rexuenece.  
¡Sigue durmida entre as sabas do amencer,  
abafante, escura, acatarrada! ¡Arróupate, altiva  
no nocturno velame *pasamanado* de ouro fino!  
Quérote igual, ¡Oh, capitán infame! Cortesás  
E bandidos, a miúdo brindades así praceres  
Que o vulgo profano non sabe comprender.

GRUPO DE 1855

I

## O SOLPOR DA TARDE

Cae o día. Faise un grande acougo nos pobres espíritos fatigados polo labor da xornada; e os pensamentos cobran agora as cores tenras e indecisas do solpor.

Emporiso, do alto da montaña chega ó meu balcón, a través das transparentes nubes da anoitecida, un longo ouveo, composto dunha multitude de berros discordantes, que o espacio transforma en lúgubre harmonía, tal a da marea que sobe ou a dunha treboada que esperta.

¿Quen son os desgraciados que o solpor non acouga, e que toman, coma os mouchos, a chegada da noite como sinal de *aquelarre*? Este sinistro ouleo chéganos do sombrío hospicio empoleirado na montaña; e, pola noite, mentres fumo e contemplo o repouso do inmenso val, ourizado de casas nas que cada fiestra di: "Velaquí a paz agora; ¡velaquí a ledicia da familia!", cando o vento zoa desde alá enriba, podo arrola-los meus pensamentos abraiados con esta imitación das harmonías do inferno.

O solpor excita ós tolos. Lembro que tiven dous amigos a quen o solpor facía enfermar de todo. Un esquecía daquela tódalas relacións de amizade e de cortesía, e maltrataba, coma un salvaxe, ó primeiro que se lle presentaba. Vinlle lanzar á cabeza dun *maitre* un excelente polo, no que cría ver non sei qué insultante xeroglífico. O solpor, precursor das profundas voluptuosidades, estragáballe as cousas máis suculentas.

O outro, un ambicioso ofendido, conforme se ía a luz do sol volvíase máis amargo, máis sombrío, máis provocador. Aínda indulxente e sociable durante o día, volvíase desapiadado á noite; e non só exercía cos outros esta manía crepuscular del, senón tamén sobre si mesmo.

O primeiro morreu tolo, incapaz de recoñecer á súa muller e ó seu fillo; o segundo leva en si mesmo o desacougo dun malestar perpetuo, e aínda que fose agraciado con tódalas honras que poden outorgalas repúblicas e mailos príncipes, coido que o solpor había seguir espertando nel ardorosos desexos de distincións imaxinarias. A noite, que lles vertía tebras na alma, bota luz na miña; e aínda que non sexa raro ve-la mesma causa xerar dous efectos contrarios, isto sempre me intriga e preocupa.

¡Oh, noite!, ¡oh, refrescantes tebras!, ¡para min sóde-lo sinal dunha festa íntima, sóde-la liberación da angustia! Na soidade das chairas, nos labirintos pedrallentos dunha capital, escintileo das estrelas, relampos dos farois, ¡sóde-las fogos artificiais da deusa Liberdade!

Solpor, ¡que doce a agarimoso es! Os fulgores rosáceos que se arrastran aínda polo horizonte coma a agonía do día so a opresión victoriosa da súa noite, o resplandor dos candelabros que fan manchas dun vermello opaco nas últimas glorias do poñente, as pesadas colgaduras que unha man invisible corre desde as profundidades do Oriente, imitan tódolos sentimentos complexos que loitan no corazón do home nas horas solemnes da vida.

Diríase tamén que un destes vestidos estraños das bailarinas, nos que o tule transparente e sombrío deixa entreve-lo esplendor amortecido dunha saia abraiante, así como baixo o negro presente transloce o delicioso pasado; e as cambaleantes estrelas de ouro e prata de que está sementada, representan aquelas luciñas da fantasía que non se acenden ben se non é baixo o loito profundo da noite.

## II

### A SOIDADE

Un gaceteiro filántropo dime que a soidade é mala para o home; e para apoia-la súa tese cita, coma tódolos incrédulos, palabras dos Pais da Igrexa.

Sei que o demo habita gustoso os lugares áridos, e que o Espírito de asasinato e de lubricidade se inflama marabillosamente nas paraxes silandeiras. Pero podería ser que esta soidade non fose perigosa máis que para a alma ociosa e divagadora que a pobo coas súas paixóns e coas súas quimeras.

Certo é que o falangueiro, o máximo pracer do cal consiste en falar desde o alto dun púlpito ou dunha tribuna, había correr serios riscos de volverse tolo furioso na illa de Robinson. Non esixo do meu gaceteiro as afoutas virtudes de Crusoe, mais píddolle que non acuse ós namorados da soidade e do misterio.

Hai nas nosas razas badueiras individuos que aceptarían con menos repugnancia o supremo suplicio de se lles permitir facer unha copiosa arenga desde o cadafalso, sen temor a que os tambores de Santerre lles cortasen intempestivamente a palabra.

Non os compadezo, porque sospeito que as súas efusións oratorias lles procuran voluptuosidades semellantes ás que outros tiran do silencio e do recollemento; mais desprézoos.

Desexo, sobre todo, que este maldito gaceteiro me deixe gozar ó meu xeito. "¿É que non experimenta nunca –dime, cun ton nasal moi apostólico– o desexo de compartí-los praceres?" ¡Olla o sutil envexoso! Sabe que desprezo os del, ¡e vén insinuarse nos meus, o noxento refungón?

"¡Que gran desgracia non poder estar só...!", di nalgún sitio La Bruyère, como para que se avergoncen tódolos que corren a perdérense na multitude, temendo sen dúbida non poder soportárense eles mesmos.

"Case tódalas nosas desgracias proveñen de non termos sabido permanecer no noso cuarto", di outro sabio, Pascal, creo, invitando así a entrar na cela do recollemento a todos estes loucos que procuran a felicidade no balbordo e nunha prostitución que podería chamar *fraternitaria*, se quixese falar na fermosa lingua do

meu século.

*GRUPO DE 1858*

### III

#### UN HEMISFERIO NUNHA CABELEIRA

Déixame respirar ben, ben tempo, o recendo dos teus cabelos, mergulla-lo rostro todo neles, como home sedento na auga dunha fonte, e axítalos coa man como fragrante pano, para espaxer lembranzas polo aire.

¡Se puideses saber todo o que vexo!, ¡todo o que sinto!, ¡todo o que oio nos teus cabelos! A miña alma viaxa polo perfume coma a alma doutros homes pola música.

Os teus cabelos encerran todo un soño, cheo de velames e arboraduras; encerran grandes mares dos que os monzóns me levan a climas deliciosos, onde o espaxio é máis azul e máis profundo, e a atmosfera se perfuma coas froitas, coas follas e a pel humana.

No océano da túa cabeleira, albisco un porto onde formigan cantos melancólicos, homes afoutados de tódalas nacións e navíos de tódalas formas nos que destacan as arquitecturas finas e complicadas contra un ceo inmenso onde se acomoda a calor eterna.

Nos agarimos da túa cabeleira, volvo atopar-las languideces das longas horas pasadas nun diván, no camarote dun fermoso navío, arroladas no bambeo imperceptible do porto, entre os xerros de flores e cántaras refrescantes.

Na ardente fogueira da túa cabeleira, respiro o cheiro do tabaco mesturado co opio e maillo azucre; na noite da túa cabeleira, vexo resplandece-lo infindo do azul tropical; nas beiras aveludadas da túa cabeleira, embriáganme os aromas combinados do alcatrán, o almiscre e maillo aceite de coco.

Déixame morder ben tempo as túas trenzas mestas negras. Cando adento os teus cabelos elásticos e rebeldes, parécese que como lembranzas.

### IV

#### A INVITACIÓN Á VIAXE

Din que hai un país magnífico, un país de Eldorado, din, que ansío visitar cunha vella amiga. País singular, mergullado nas brétemas do noso Norte, e que podería chamarse o Oriente do Occidente, a China de Europa, tanto chegou a desenvolverse alí a cálida e caprichosa fantasía, tanto estas fantasías o adornaron paciente e teimosamente coas súas sabias e delicadas vexetacións.

Un verdadeiro país de Eldorado, onde todo é fermoso, abundante, tranquilo, honrado; onde o luxo goza contemplándose na orde; onde a vida resulta agradable e doce de respirar; onde a desorde, a turbulencia e maillo imprevisto están excluídos; onde a felicidade casou co silencio; onde a mesma cociña é poética, mesta e excitante a un tempo; onde todo se che parece, meu anxo querido.

¿Coñeces esa enfermidade febril que se apodera de nós nas frías miserias, aquela nostalxia do país descoñecido, aquela angustia da curiosidade? Hai unha comarca que se che parece, onde todo é fermoso, rico, tranquilo e honrado, onde a fantasía construíu e decorou unha China occidental, onde a vida resulta doce de respirar, onde a felicidade casou co silencio. ¡É alá onde hai que ir vivir, é alá onde hai que ir morrer!

Si, é alá onde hai que ir respirar, soñar e alonga-las horas co infindo das sensacións. Un músico compuxo a *Invitación ó Valse*, ¿quen ha se-lo que compoña a *Invitación á viaxe* que se poida ofrecer á muller amada, á irmá elixida?

Si, é nesa atmosfera onde sería bo vivir –alá, onde as horas máis lentas conteñen máis pensamentos, onde os reloxos dan as horas da felicidade cunha máis profunda e significativa solemnidade.

Sobre paneis brillantes, ou sobre coiros dourados e de sombría riqueza, viven discretamente pinturas beatas, calmas e profundas, coma as almas dos artistas que as crearon. Os solpores, que colorean tan ricamente o comedor ou o salón, quedan cribados por fermosas colgaduras ou por esas altas fiestras labradas que o chumbo divide en numerosos compartimentos. Os mobles son amplos, curiosos, estraños, armados de ferrollos e secretos coma as almas refinadas. Os espellos, os metais, os tecidos, a ourivería e maila louza interpretan para os ollos unha sinfonía muda e misteriosa; e de tódalas cousas, de tódolos recantos, das fisuras dos caixóns e dos pregues dos tecidos despréndese un perfume singular, un *Revenez-y* de Sumatra, que é como a alma do piso.

Un verdadeiro país de Eldorado, dígocho, onde todo é rico, limpo e brillante, coma unha fermosa conciencia, coma unha magnífica batería de cociña, como unha ourivería espléndida, coma un amoreamento de xoias. Os tesouros do mundo enteiro concéntranse alí, coma na casa dun home laborioso e respectado do mundo enteiro. País singular, superior ós outros, como a arte é á Natureza, onde esta queda reformada polo soño, onde queda corrixida, embelecida, refundida.

¡Que procuren, que sigan procurando, que atrasen sen parar os límites da súa felicidade, eses alquimistas da horticultura! ¡Que propoñan premios de sesenta e cen mil floríns para quen resolva os seus ambiciosos problemas! ¡Eu xa atopei o meu *tulipán negro* e a miña *dalia azul*!

Flor incomparable, tulipán reencontrado, alegórica dalia, ¿é alá, non é, naquel fermoso país tan calmo e soñador, onde habería que ir vivir e florecer? ¿Pois non estarías enmarcada na túa analoxía, e non poderías mirarte, para falar coma os místicos, na túa propia *correspondencia*?

¡Os soños!, ¡sempre os soños! E canto máis ambiciosa e delicada é a alma, máis os soños se afastan do posible. Cada home leva en si a súa dose de opio natural, incesantemente anovada e segregada, e, desde o nacemento á morte, ¿cantas horas podemos contar cheas de goce positivo, de acción lograda e decidida? ¿Viviremos algunha vez, entraremos algunha vez neste cadro que pintou o meu espírito, neste cadro que se che parece?

Estes tesouros, estes mobles, este luxo, esta orde, estes perfumes, estas flores milagreiras, es ti. E ti tamén, aqueles grandes ríos e aquelas canles acougadas. Aqueles enormes navíos que carrexan, todos cargados de riquezas, e dos que abrollan os monótonos cantos da manobra; eses son os meus pensamentos que dormen ou se arrollan no teu peito. Condúcelos ti docemente cara ó mar que é o Infinito, ó tempo que reflicte-las profundidades do ceo na limpidez da túa fermosa alma; e cando, esgotados pola ondada e rebordantes dos produtos do Oriente, volven ó porto natal, outra vez son os meus pensamentos enriquecidos que regresan desde o Infinito cara a ti.

## V

### OS PROXECTOS

Dicía para si, mentres paseaba por un gran parque silandeiro: "¡Que fermosa había estar cun traxe de corte, complicado e fastoso, baixando, no medio do ambiente dunha fermosa tardiña, os banzos de mármore fronte á extensión do céspede e mailos estanques! ¡Porque ten por natureza o aire dunha princesa!

Ó pasar, máis tarde, por unha rúa, parou diante dunha tenda de gravados e, ó atopar nunha carpeta unha estampa que representaba unha paisaxe tropical, pensou: "¡Non! Non é nun pazo onde eu gustaría de posuí-la súa querida vida. Non estaríamos *coma na casa*. Ademais, esas paredes acuguladas de ouro non habían deixar sitio para pendura-lo seu retrato; nesas galerías solemnes non hai recanto ningún para a intimidade. Decididamente, é *aí* onde habería que ir para cultiva-lo soño da miña vida".

E, mentres analizaba coa ollada os detalles do gravado, seguía mentalmente: "Á beira do mar, unha fermosa cabana de madeira, recollida entre todas esas árbores estrañas e relucentes das que esquecín os nomes..., no ambiente, un recendo embriagador, indefinible..., na cabana un forte perfume a rosa e almisce...., máis lonxe, tralo noso cativo terreo, puntas de mastros mexidas pola ondada..., ó noso arredor, máis aló do cuarto iluminado por unha luz rosa cribada polas persianas, decorada con frescas esteiras e flores embriagadoras, cuns escasos asentos de estilo rococó portugués, de madeira pesada e tenebrosa (nos que había descansar ela, tan acougada, tan abaneada, ¡fumando un tabaco lixeiramente opiáceo!), máis aló da varenga, o alboroto dos paxaros ebrios de luces, e maillo paliqúe das negriñas..., e, pola noite, para servir de acompañamento ós meus soños, o cantar magoento das árbores da música, ¡os melancólicos filaos! Si, de certo, este é o decorado que andaba a procurar. ¿Que había facer eu cun pazo?"

E máis adiante, como seguía unha grande avenida, albiscou unha pousada limpa, onde nunha das súas fiestras alegrada por cortinas de indiana recargada asomaban dúas cabezas risoñas. E pensou de seguida: "Gran vagabundo é o meu pensamento, desde logo, para ir procurar tan lonxe o que está tan preto de min. O pracer e maila felicidade están na primeira pousada que un atopa, na pousada ó chou, tan fecunda en voluptuosidades. Un bo lume, unha louza rechamante, unha cea pasable, viño rexo e unha cama moi grande con sabas algo ásperas, pero frescas; ¿hai algo mellor?"

E ó volver só á súa casa, nesa hora en que o zunido da vida exterior xa non acala os consellos da Sabedoría, dixo para si: "Tiven hoxe, en soños, tres domicilios nos que atopei igual pracer. ¿Para que obrigalo meu corpo a cambiar de sitio, pois que a miña alma viaxa tan lixeira? ¿Para que executa-los proxectos, se o proxecto en si xa é un gozo suficiente?"

## VI

### O RELOXO

Os chineses len a hora nos ollos dos gatos.

Un día, un misionero que estaba paseando polos arrabaldes de Nanquín, decatouse de que esquecera o reloxo e preguntoulle a hora a un neno.

De primeiras, o rapaciño do Celeste Imperio dubidou; logo, cambiando de parecer contestou: "Voulo dicir". Pouco despois, reapareceu levando nos brazos un enorme gato, e, mirándoo, coma quen di, no branco dos ollos, afirmou sen dubidar: "Falta pouco para as doce". Cousa que era certa.

En canto a min, se me debruzo cara á fermosa Felina, a tan ben nomeada, que é a un tempo a honra do seu sexo, a fachenda do meu corazón e mailo perfume do meu espírito, sexa noite, sexa día, a plena luz ou na sombra opaca, no fondo dos seus ollos adorables vexo sempre claramente a hora, sempre a mesma, unha hora mesta, solemne, ampla coma o espacio, sen divisións de minutos nin segundos, unha hora inmóbil que non marcan os reloxos, e sen embargo leve coma un salaio, rápida coma unha ollada.

E se algún inoportuno me viñese molestar mentres a miña mirada descansa nesta deliciosa esfera, se algún Xenio brután e intolerante, algún Demoño do contratempo viñese dicirme: "¿Que miras con tanta atención? ¿Que procuras nos ollos deste ser? ¿Aí les ti a hora, mortal pródigo e folgazán?", había contestar, sen dubidar: "Si, leo a hora; ¡é a Eternidade!".

¿Non é certo, señora, que é este un madrigal de moito mérito, e tan cheo de énfase coma vostede mesma? De certo, gocei tanto tecendo esta presuntuosa galantería, que non vos vou pedir nada a cambio.

## VII

### AS MULTITUDES

Non todo o mundo ten o don de tomar un baño de multitudes: gozar do xentío é unha arte; e só pode ofrecerse unha borracheira de vitalidade, a expensas do xénero humano, quen tivo unha fada que lle insuflou no berce o gusto polo disfrace e maila máscara, o odio polo domicilio e a paixón pola viaxe.

Multitude, soidade: termos iguais e intercambiáveis para o poeta activo e fecundo. Quen non sabe poboala súa soidade, non sabe tampouco estar só no medio dunha multitude atarefada.

O poeta goza deste incomparable privilexio, de poder ser, a vontade, el mesmo e mailo outro. Coma estas almas errantes á procura dun corpo, entra cando quere no personaxe de cada quen. Só para el, todo é vacante; e se certos lugares lle parecen pechados, é porque ós seus ollos non paga a pena visitalos.

O paseante solitario e pensativo saca unha particular embriaguez desta comunión universal. Aquel que casa doadamente coa multitude coñece febrís deleites, dos que están privados eternamente o egoísta, cerrado coma un baúl, e o preguiceiro, recluso coma un molusco. Adopta como del tódolos oficios, tódalas ledicias e tódalas miserias que as circunstancias lle presentan.

Iso que os homes chaman amor é moi pequeno, moi estreito e moi feble comparado con esta inefable orxía, con esta santa prostitución da alma que se entrega enteira, poesía e caridade, ó imprevisto que se mostra, ó descoñecido que pasa.

Por veces é bo demostrar ós afortunados deste mundo, aínda que só sexa para humillar un momento a súa estúpida fachenda, que existen ditas superiores á del, máis grandes e máis refinadas. Os fundadores de colonias, os pastores das aldeas, os misioneiros exiliados ó cabo do mundo, saben sen dúbida algo destas misteriosas embriagueces; e, no medio da ampla familia que o seu xenio formou, deben rir ás veces de quen os compadecen pola súa fortuna tan axitada e pola súa vida tan casta.

## VIII

### O VELLO SALTIMBANQUI

Despregábase, esparexíase, trouleaba por tódolos sitios o pobo en vacacións. Era unha destas solemnidades coas que contan, con moita antelación, os saltimbanquis, os malabaristas, os que exhiben animais e mailos feirantes para compensalos malos días do ano.

Durante eses días, paréceme que o pobo esquece todo, a dor e mailo traballo; vólvese semellante ós nenos. Para os pequenos, este é un día de festa, é o horror da escola aprazado vintecatro horas. Para os maiores é a conclusión dun armisticio coas potencias malévolas da vida, un respiro na contención e na loita universais.

Mesmo o home de mundo e o que se ocupa de tarefas intelectuais escapan dificilmente á influencia deste xubileo popular. Absorben, sen querer, a súa parte desta atmosfera despreocupada. No que a min fai, como bo parisiense, nunca deixo de pasar revista a tódalas barracas que se exhiben nestas épocas solemnes.

Facíanse, de certo, unha competencia formidable: piaban, bruaban, ouveaban. Era unha mestura de berros, de detonacións de cobre e estourar de foguetes. Os pallasos de Cola Vermella e mailos Pasmóns convulsionaban os rostros curtidos, engurrados polo vento, a chuva e mailo sol; lanzaban, co tino dos cómicos seguros dos seus efectos, chistes e bromas dunha comicidade sólida e mesta, como a de Molière. Os Hércules, fachendosos da enormidade dos seus membros, sen fronte e sen cranio, coma os orangutáns, acomodábanse maxestosos nas súas mallas lavadas a véspera para a ocasión. As bailarinas, fermosas coma fadas ou princesas, saltaban e rebrincaban baixo a luz das lanternas que lles enchía as saias de escintileos.

Todo era luz, poeira, berros, ledicia, balbordo; uns gastaban, outros gañaban, uns e outros igualmente ledos. Os nenos pendurábanse das saias das nais para conseguir algún *pirulí*, ou empoleirábanse nos ombreiros



dos pais para ver mellor un prestidixitador abraiante coma un deus. E por tódolos sitios, dominando tódolos perfumes, un cheirume a fritido que era como o incenso desta cerimonia.

Ó remate, no mesmo extremo da ringleira de barracas, coma se, vergoñento, el mesmo se desterrase de todos eses esplendores, vin un pobre saltimbanqui, encurvado, caduco, decrépito, unha ruína de home, que se apoiaba contra un dos postes da súa choza, unha choza máis miserenta cá do máis embrutecido salvaxe, e na que dous cabos de candeia, pingando e fumegantes, iluminaban demasiado ben a miseria.

Por tódolos sitios a ledicia, a ganancia, o desenfreo; por tódolos sitios a certeza do pan para os días vindeiros; por tódolos sitios a frenética explosión da vitalidade. Aquí, a miseria absoluta, a miseria arroupada, para colmo de horror, en cómicos farrapos de cores contrastadas, máis pola necesidade que pola arte. ¡E non ría, o miserento! Non choraba, non bailaba, non acenaba, non berraba; non cantaba cantiga ningunha, nin leda nin magoante, tampouco suplicaba. Ficaba mudo e inmóbil. Renunciara, abdicara. O seu destino estaba trazado.

Pero ¡que ollada fonda, inesquecible, paseaba pola multitude e mailas luces, das que a movediza ondada paraba a poucos pasos da súa repulsiva miseria! Sentín que me apertaba a gorxa a terrible man da histeria, e pareceume que as miñas olladas estaban ofuscadas por esas bágoas rebeldes que non dan caído.

¿Que facer? ¿Para que preguntar ó desafortunado qué curiosidade, qué marabilla tiña para mostrar nesas fedorentas tebras, trala súa cortina esgazada? De certo, non me atrevía; e, malia que o motivo da miña timidez vos faga rir, hei confesar que tiña medo de ofendelo. Por fin, acababa de decidirme a deixar ó pasar algúns cartos sobre unha das súas táboas, agardando que adiviñase a miña intención, cando un gran refluxo de xente me afastou del.

E, ó dar volta, obsesionado por esta visión, tratei de analiza-la miña súpeta dor, e dixen para min: "¡Acabo de ve-la imaxe do vello home de letras que sobreviviu á xeración da que foi brillante bufón; do vello poeta sen amigos, sen familia, sen fillos, degradado pola súa miseria e pola ingratidade do público, na barraca de quen a sociedade, esquecediza, xa non quere entrar!"

## IX

### AS VIÚVAS

Vauvenargues di que nos parques públicos hai carreiros sobre todo transitados pola ambición decepcionada, polos inventores desgraciados, polas glorias abortadas, polos corazóns esnaquizados, por todas estas almas tumultuosas e pechadas, nas que retumban aínda os últimos salaios dunha treboada, e que foxen lonxe da ollada insolente dos felices e mais dos ociosos. Estes refuxios sombrizos son o punto de cita dos eivados pola vida.

É sobre todo cara a este lugares a onde o poeta e mailo filósofo gustan principalmente de orienta-las súas ávidas conxecturas. Velaquí teñen pasto seguro. Pois que se hai unha paraxe que desbotan visitar, como insinuaba hai un instante, esa é sobre todo a da ledicia dos ricos. Esta turbulencia no baleiro non ten nada que os atraia. Pola contra, séntense irresistiblemente atraídos cara a todo o feble, arruinado, triste, orfo.

Unha ollada experta non se trabuca nunca nisto. Nesas faccións ríxidas ou aflixidas, nestes ollos fundidos e sen brillo, ou escintilantes polos últimos lampexos da liorta, nesas profundas e numerosas engurras, nese camiñar tan lento ou tan descompasado, descifra de seguida as innumerables lendas do amor enganado, do sacrificio desprezado, dos esforzos non recompensados, a fame e mailo frío soportados humildemente e en silencio.

¿Vistes algunha vez viúvas nestes bancos silandeiros, viúvas pobres? Que leven loito ou non, é doado recoñecelas. Polo demais, no loito do pobre sempre hai algo que falta, unha ausencia de harmonía que o fai aínda mías tristeiro. Ten que escatima-la dor. O rico loce a del en todo o seu esplendor.

¿Cal é a máis triste e a máis magoante das viúvas? ¿A que arrastra da man un crío co que non pode comparti-los seus pensamentos, ou a que está absolutamente soa. Non sei... Unha vez púxenme a seguir durante horas a unha aflixida anciá deste tipo; ía tesa, erguida, cun pequeno chal gastado, rebordando toda

ela unha estoica fachenda.

Estaba evidentemente condenada, pola súa soidade absoluta, a ter costumes de vello solteirón, e o carácter masculino dos seus acenos engadíalle un misterio picante á austeridade. Non sei en qué miserento café nin de qué xeito almorzou. Seguina á biblioteca pública; e vixieina moito tempo mentres procuraba nas gacetas, con ollos inquedos, antano queimados polas bágoas, novas de extraordinario interese persoal.

Por fin, durante a tarde, baixo un delicioso ceo de outono, un destes ceos dos que baixan amoreados pesares e lembranzas, sentou silandeira no recanto dun xardín, para escoitar, lonxe da multitude, un destes concertos con que as bandas de música dos rexementos agasallan ó público parisiense.

Era sen dúbida o pequeno exceso desta inocente vella (ou desta vella purificada), o consolo ben gañado dun deses agoniantes días sen amigo, sen parolada, sen ledicia, sen confidente, que Deus deixaba caer riba dela, ¡quizais desde había moitos anos! trescentas sesenta e cinco veces ó ano.

Outra máis:

Non podo deixar de botar unha ollada, se non de universal simpatía, cando menos de curiosidade, sobre a multitude de parias que se amorean ó redor do quiosco dun concerto público. A orquestra lanza na noite cantigas de festa, de triunfo ou de voluptuosidade. Os vestidos esvaran, resplandecentes; as olladas crúzanse; os ociosos, cansos de non facer nada, arrandean, finxindo gozar indolentes da música. Aquí, nada que non sexa riqueza e felicidade, nada que non respire e inspire a despreocupación e o pracer de deixarse vivir; nada, agás o aspecto daquela turba que se apoia aló na barreira exterior, atrapando gratis, ó capricho do vento, farrapos de música, e mirando a escintillante fogueira do interior.

Sempre é cousa interesante o reflexo da ledicia do rico na pupila do pobre. Pero aquel día, no medio desta xente vestida con camisas e teas de indiana, albisquei un ser do que a nobreza contrastaba notablemente con toda a trivialidade circundante.

Era unha muller alta, maxestosa, e tan nobre en tódolos seus acenos que non lembro ter visto algo semellante nas coleccións das aristocráticas belezas do pasado. Un perfume de altiva virtude emanaba de toda a súa persoa. O rostro, triste e mirrado, concordaba co gran loito que a revestía. Tamén ela, coma a plebe coa que se mesturara e á que non vía, miraba o mundo luminoso con ollada profunda, e escoitaba meneando docemente a cabeza.

¡Visión singular! "Ben seguro, dixeran para min, esta pobreza, se hai a tal pobreza, non debe admiti-la economía sórdida; confirmamo este rostro tan nobre. Daquela, ¿por que permanece voluntariamente nun ambiente no que desentoa tan claramente?"

Mais ó pasar, curioso, cabo dela, crin adiviña-lo motivo. A gran viúva levaba da man un neno vestido de negro coma ela; por módico que fose o prezo da entrada, ese prezo abondaría quizais para pagar algunha necesidade do pequerrecho, ou mellor aínda, algo superfluo, un xoguete.

E había regresar á casa a pé, cavilando e soñando, soa, sempre soa; porque os nenos son turbulentos, egoístas, sen dozura nin paciencia; e non poden sequera, como o verdadeiro animal, como o can ou o gato, servir de confidente das dores solitarias.

*GRUPO DE 1862*

X

A MULLER SALVAXE E MAILA AMANTE

Verdadeiramente, querida, cánsasme sen mesura nin compaixón; diríase, oíndote salaiar, que sofres máis cás espigadoras sesaxenarias e cas vellas esmoleiras que recollen codelos de pan ás portas das tabernas.

Se cando menos os teus salaios expresasen remordemento, habíante honrar en algo; pero non traducen máis cá enchente do benestar e mailo abafo do repouso. E mais non paras de romper en palabras inútiles: "¡Quéreme moito! ¡Precísote tanto! ¡Consólame por aquí!, ¡acaríñame por alá!". Mira, intentarei curarte; ó mellor atopámo-lo xeito, por catros patacóns, no medio dunha festa, e sen ir moi lonxe.

Consideremos ben, atende, esta sólida gaiola de ferro trala que se axita, ouveando coma un condenado, sacudindo os barrotes coma un orangután exasperado polo desterro, imitando, á perfección, sexa os brincos circulares do tigre, sexan os estúpidos arrandeos do oso polar, ese monstro peludo con forma que imita vagamente á túa.

Este monstro é un destes animais ós que se adoita chamar *¡meu anxiño!*, é dicir, unha muller. O outro monstro, o que chía a berros, caxato en man, é un marido. Encadeou a muller lexítima como a unha besta, e exhibea polas barriadas, os días de feira, co permiso dos maxistrados, claro está.

¡Fíxate ben! ¿Ves con que voracidade (¡quizais non simulada!) esgaza coellos vivos e aves cacarexantes que a súa cornaca lle bota?

"¡Veña, di el, non hai que comelo todo nun día!" e, logo destas sabias palabras, arríncalle cruelmente a presa, da que as tripas soltas quedan penduradas un instante entre as queixadas da besta feroz, da muller, quero dicir.

"¡Veña, unha boa labazada para calmala!", porque bota terribles olladas de cobiza sobre o alimento que lle retiraron. ¡Meu Deus!, ¡se o caxato non é de broma!, ¿oíches resoa-la carne, malia o pelo postizo? Por iso, agora sáenlle os ollos das órbitas, e ouvea *con máis naturalidade*. Na súa rabia, toda ela bota chispas, coma o ferro batido.

Tales son os costumes conxugais destes dous descendentes de Adán e Eva, estas obras das vosas mans, ¡oh, meu Señor! Esta muller é desde logo desgraciada, aínda que ó cabo, pode ser que os excitantes gozos da gloria non lle sexan de todo descoñecidos. Hai desgracias máis irremediabes, e sen compensación. Pero nese mundo ó que foi guindada, non puido crer nunca que a muller merecese outro destino.

Agora, nó-los dous, ¡preciosa querida! Ó ve-los infernos que poboan o mundo, ¿que queres que pense do teu lindo inferno, se non fas máis que descansar sobre tecidos tan finos coma a túa propia pel, se non comes máis que carne cocifada, se tes un habelencioso criado para cortarcha en pedaciños?

¿Que van significar para min tódolos salaíños que che inchan o peito perfumado, rexa presumida? ¿E todas esas mexericadas aprendidas nos libros, e esa melancolía incansable, feita para inspirar ó espectador sentimentos ben distintos da compaixón? De certo, por veces éntranme ganas de ensinarche o que é a verdadeira desgracia.

Véndote así, delicada beleza, os pés na lama e os ollos vaporosamente tornados cara ó ceo, como para lle pedir un rei, parece unha ranciña a invoca-lo ideal. Se despréza-lo babilo (o que eu son agora, como ben sabes), ¡coidado coa grúa que te ha comer, papar e matar cando lle apeteza!

Por moi poeta que eu sexa, non son tan inocente como che gustaría crer, e se me cansas demasiadas veces coas túas choromicadas *preciosistas*, heite tratar como a unha *muller salvaxe*, ou bótote pola fiestra, como botella baleira.

## XI

### Á UNHA DA MADRUGADA

¡Por fin!, ¡só! Xa non se oe máis có rolar dalgúns coches de punto derreados e atrasados. Durante algunhas horas, posuiremo-lo silencio, senón o descanso. ¡Por fin desapareceu a tiranía do rostro humano, e non hei

sufrir máis que por min mesmo!

¡Por fin! ¡Permíteseme agora descansar nun baño de tebras! Primeiro, dobre volta ó ferrollo. Paréceme que esta volta de chave ha aumenta-la miña soidade e reforza-las barricadas que me separan actualmente do mundo.

¡Horrible vida! ¡Horrible cidade! Recapitulémo-la xornada: ver a varios *literatos*, entre os cales un preguntoume se podía ir a Rusia por terra (tomaba sen dúbida Rusia por unha illa); discutir xenerosamente co director dunha revista, que a cada obxección contestaba: "Aquí está o partido da xente de ben", o que implica que tódolos outros xornais son redactados por lampantíns; saudar unhas vinte persoas, das que descoñezo quince; distribuír apertóns de man na mesma proporción, e iso sen toma-la precaución de mercar luvas; subir, para mata-lo tempo, durante un ballón, á casa dunha pequena bailarina, que me pediu que lle debuxase un traxe de *Venus*; cortexar un director de teatro, que me dixo ó despedirme: "Quizais lle conviría visitar a Z...; é o máis prosma, o máis estúpido e o máis célebre de tódolos meus autores; con el, se cadra, había chegar a un acordo. Vaia velo, e despois veremos"; oufanarme (¿por que?) de varias feas accións que non cometín nunca, e negar coma un covarde outras tantas falcatuadas ledamente cometidas: delicto de fanfurriña, desacato ó respecto humano; negar a un amigo un favor doado e dar unha carta de recomendación a un perfecto trampón; ¡uf! ¿máis nada?

Descontento de todos e descontento de min, quixera facerme perdoar e poder fachendear de min mesmo no silencio e a soidade da noite. ¡Almas dos que quixen, almas dos que cantei, fortalecédeme, sostédeme, afastade de min a mentira e mailos vapores corruptores do mundo!; e ti, meu Señor Deus, ¡concedédeme a gracia de producir algúns fermosos versos que me proben que non son o derradeiro dos homes!, ¡que non son inferior ós que desprezo!

## XII

### O ESTRANXEIRO

—¿A quen queres máis, home enigmático, di? ¿A teu pai, a túa nai, a túa irmá ou a teu irmán?

—Non teño pai, nin nai, nin irmá, nin irmán.

—¿Ós teus amigos?

—Emprega vostede unha palabra de sentido, ata hoxe, para min descoñecido.

—¿Á túa patria?

—Ignoro baixo que latitude se atopa.

—¿Á beleza?

—Gustaríame amala, deusa e inmortal.

—¿Ó ouro?

—Ódoo como odia vostede a Deus.

—E logo, ¿a que é que ti amas, extraordinario estranxeiro?

—Amo as nubes..., as nubes que pasan..., por alí..., alí, ¡as marabillosas nubes!

## XIII

## A DESESPERACIÓN DA VELLA

A velliña apergamiñada atopouse toda contenta ó ver aquel meniño precioso ó que todos lle facían carantoñas, ó que todos lle querían agradar; aquel precioso ser, tan fráxil coma ela, a velliña, e, tamén coma ela, sen dentes nin cabelos.

E achegouse a el, queréndolle facer sorrisos e acenos agradables.

Mais o meniño, espantado, debatíase baixo os agarimos da decrépita boa muller, e enchía a casa cos seus berros.

Daquela, a boa da vella retirouse á súa soidade eterna, e chorou nun recanto, pensando: "¡Ai, para nosoutras, vellas femias desgraciadas, pasou a idade de agradar, mesmo que sexa ós inocentes; ¡e horrorizámo-los meniños que queremos amar!"

## XIV

### O BUFÓN E MAILA VENUS

¡Que día tan magnífico! O inmenso parque pasma baixo a ardente ollada do sol, como a mocidade baixo o dominio do Amor.

A éxtase universal das cousas non se expresa en ruído ningún; mesmo as augas están como durmidas. Ben diferente das festas humanas, velaquí unha orxía silenciosa. Diríase que unha luz sempre crecente fai escintila-los obxectos cada vez máis; que as flores, excitadas, arden en desexos de rivalizar co azul do ceo coa enerxía das súas cores; e que a calor, facendo visibles os perfumes, fainos ascender cara ó astro coma o fume.

Non obstante, no medio deste gozo universal albisquei un ser aflixido.

Ós pés dunha Venus colosal, un deses loucos artificiais, un deses bufóns voluntarios encargados de facer rir ós reis cando o Remordemento ou o Enfastiamento os obsesiona, vestido con traxe rechamante e ridículo, cuberta a cabeza con cornos e axóuxeres, enconicado todo el contra o pedestal, ergue unha ollada chea de bágoas cara á Deusa inmortal.

E os seus ollos din: "Son o derradeiro e máis solitario dos humanos, privado de amor e de amizade, e moi inferior nisto ó máis imperfecto dos animais. Sen embargo, ¡tamén eu estou feito para comprender e senti-la Beleza inmortal! ¡Oh, Deusa!, ¡apiádate da miña tristura e do meu delirio".

Mais a implacable Venus mira non sei qué ó lonxe cos seus ollos de mármore.

## XV

### O CAN E MAILLO FRASCO

—Meu can bonito, meu bo can, meu canciño querido, ven aquí e respira un perfume excelente mercado na tenda do mellor perfumeiro da cidade.

E o can, meneando o rabo, o que é para estes pobres animais, segundo creo, sinal equivalente ó riso e mailo sorriso, achégase e, curioso, pon o húmido fociño enriba do frasco destapado; despois, recúa, de socato asustado, e ladra contra min a xeito de reproche.

—¡Ah, can miserento, se che ofrecese un paquete con excrementos, hábalo osmar con delicia, e devoralo quizais! Así tamén ti, indigno compañeiro da miña triste vida, semellas ó público, a quen nunca se han de

presentar delicados perfumes que o exasperen, senón lixos coidadosamente escollidos.

## XVI

### O MAL VIDREIRO

Hai naturezas puramente contemplativas e incapaces de todo para a acción que, non obstante, so un impulso descoñecido e misterioso, actúan ás veces cunha rapidez da que elas mesmas se crían incapaces.

Quen temendo atopar na portería unha nova que anoxe dá voltas, covarde, durante unha hora diante da porta sen se atrever a entrar, quen garda unha carta quince días sen abrir, ou non se resigna máis que ó cabo de seis meses a facer un trámite necesario desde había un ano, séntense ás veces de súpeto precipitados á acción por unha forza irresistible, como a frecha no arco. O moralista e mailo médico, que pretenden sabelo todo, non poden explicar de onde vén tan súpeta unha enerxía tan desmedida para estas almas preguiceiras e voluptuosas, nin como, incapaces de realiza-las cousas máis sinxelas e as máis necesarias, atopan nun momento dado unha afouteza de luxo para executa-los actos máis absurdos e moitas veces mesmo os máis perigosos.

Un dos meus amigos, o máis inofensivo soñador do mundo, púxolle lume unha vez a un bosque para ver, dicía el, se prendía coa mesma facilidade que adoita dicirse. Dez veces seguidas fallou a experiencia, pero á undécima deu resultados demasiado bos.

Outro acenderá unha cigarro cabo dun barril de pólvora, *para ver, para saber, para tenta-lo destino*, para obrigarse a demostra-la súa enerxía, para da-las de xogador, para coñece-los praceres da ansiedade, para nada, por capricho, por folganza.

É unha especie de enerxía que abrolla do enfatiamento e do soño; e nos que se manifesta de xeito tan súpeto son en xeral, como dixen, os seres máis indolentes e soñadores.

Outro, tímido ata o punto de baixa-la ollada mesmo diante das mirados dos homes, ó punto de ter que reunir toda a súa pobre vontade para entrar nun café ou pasar diante do despacho de entradas dun teatro, onde os revisores lle parecen investidos da maxestividade de Minos, Eaco e Radamanto, botarase de repente ó pescozo dun ancián que pasa polo seu lado e abrazarao entusiasmado ante a asombrada multitude.

¿Por que? Porque... ¿porque esa fisionomía lle resultaba irresistiblemente simpática? Pode ser; pero é máis lexítimo supoñer que el mesmo non sabe por qué.

Eu mesmo en máis dunha ocasión fun vítima destas crises e destes arrebatos, que nos autorizan a crer que uns Demoñios malévolos esvaran en nós e fannos cumprir, sen nós sabelo, as súas máis absurdas vontades.

Unha mañá erguinme de mal xenio, triste, farto de vagancia e inclinado, segundo me parecía, a facer algo grande, algunha acción relevante; e abrín a fiestra, ¡ai!

(Observen, por favor, que o espírito de mofa nalgunhas persoas non é resultado dun traballo ou dunha combinación, senón dunha inspiración fortuíta, participa moito, malia que só fose polo ardor do desexo, deste humor, histérico segundo os médicos, satánico para os que pensan un pouco mellor cós médicos, que nos empurra desarmados cara a unha morea de accións perigosas e inconvenientes.)

A primeira persoa que vin na rúa foi un vidreiro do que o berro afiado, discordante, subiu ata min a través da mesta e sucia atmosfera parisiense. Por outra banda, resultaríame imposible de todo explicar por que fun presa dun odio tan súpeto como despótico para con aquel pobre home.

—¡Oia, oia! —berreille que subise.

Entrementres pensaba, non sen certa satisfacción, que, como o cuarto estaba no sexto piso e a escaleira era moi estreita, o home debía atopar certas dificultades para operar na súa ascensión e en moitos sitios habían bate-los ángulos da súa fráxil mercadoría.

Por fin, apareceu: examinei, curioso, tódolos vidros, e díxenlle:

—¿Como?, ¿non ten vostede vidros de cor?, ¿vidros rosados, vermellos, azuis, vidros máxicos, vidros do paraíso? ¡Que destemido! ¿Atreverse a percorre-los barrios pobres sen ter sequera vidros que fagan ve-la vida fermosa?"

E empurreino enerxicamente ás escaleiras, onde bateu refungando.

Asomeime ó balcón e collín unha pequena maceta de flores, e cando o home reapareceu ó saír do portal, deixei caer verticalmente o meu enxeño de guerra na beira posterior dos ganchos; o golpe tombouno, e acabou de crebar baixo as costas toda a pobre fortuna ambulatoria, que fixo o bruído estrondoso dun pazo de vidro destruído por un lóstrego.

E, embriagado coa miña tolemia, berreille furiosamente:

—¡A vida fermosa! ¡A vida fermosa!

Estas brincadeiras neuróticas non están exentas de perigo, e máis dunha vez pódense pagar caras. Mais, ¿que lle importa a eternidade da condena a quen atopou nun segundo o infinito do gozo?

## XVII

### O CONFITEOR DO ARTISTA

¡Que penetrantes son os solpores de outono! ¡Ai, penetrantes ata a dor!, porque hai certas sensacións deliciosas nas que a vaguidade non exclúe a intensidade; e non hai punteira máis afiada cá do Infinito.

¡Que gran delicia asolaga-la ollada na inmensidade do ceo e do mar! Soidade, silencio, ¡incomparable castidade do azul!; unha veliña estremecida no horizonte, e que coa súa pequenez e illamento imita a miña irremediable existencia, monótono cantar da ondada, todas estas cousas pensan por min, ou penso eu por elas (pois na amplitude do soño, ¡o *eu* axiña se perde!); pensan, digo, pero musical e pintorescamente, sen trolas, sen siloxismos, sen deduccións.

Emporiso, estes pensamentos, que abrollan de min ou xorden das cousas, fanse de seguida demasiado intensos. A enerxía na voluptuosidade crea un malestar e un sufrimento positivo. Os meus nervios demasiado tensos xa non producen máis que vibracións chiantes e dolorosas.

E agora esmágame a profundidade do ceo; exaspérame a súa nitidez. A insensibilidade do mar, a inmutabilidade do espectáculo sublévame... ¡Ai!, ¿habera que sufrir eternamente, ou eternamente fuxir da beleza?

Natureza, desapiadada enfeitizadora, rival sempre victoriosa, ¡déixame! ¡Para de tenta-los meus desexos e o meu orgullo! O estudio da beleza é un duelo no que o artista berra de espanto antes de quedar vencido.

## XVIII

### UN GRACIOSO

Era a explosión do ano novo: caos de lama e neve, sucado por mil carrozas, resplandecente de xoguetes e lambetadas, formigando en cobizas e desesperanzas, delirio oficial dunha gran cidade feito para trastorna-lo cerebro do máis forte dos solitarios.

No medio deste balbordo e deste estrondo, un burro trotaba axilmente, aguilloado por un zampallón armado cun látego.

Cando o burro ía xirar nunha revolta, un señorito con luvas, aveludado, cruelmente engravatado e aprisionado nun traxe novo do trinque debruzouse cerimoniosamente ante a humilde besta e dixo, quitando o sombreiro:

—¡Deséxolle un feliz e próspero aninovo!

Despois virou cara a non sei que camaradas cun aire fato, como para pedirles que sumasen a súa aprobación ó contento del.

O burro non viu o elegante gracioso, e seguiu correndo con aplicación cara a onde o deber o chamaba.

E a min, de súpeto, encheume unha carraxe inconmensurable contra deste perfecto babeco, que me pareceu concentrar todo o espírito francés.

## XIX

### O CUARTO DOBRE

Un cuarto que se parece a un soño, un cuarto verdadeiramente *espiritual*, no que a atmosfera estancada queda lixeiramente tinguida de rosa e de azul.

Alí a alma toma un baño de preguiza, aromatizado de pesares e desexos. É algo crepuscular, azulado e rosáceo; un soño voluptuoso durante un eclipse.

Os mobles teñen formas alongadas, prostradas, que languidecen. Os mobles parecen soñar; diríase que están dotados dunha vida somnámbula, coma o vexetal e mailo mineral. Os tecidos fan unha lingua muda, coma as flores, coma os ceos, coma os solpores.

Nas paredes, ningunha abominación artística. En relación ó soño puro, á impresión non analizada, a arte definida, a arte positiva é blasfemia. Aquí, todo ten a claridade abonda e a deliciosa escuridade da harmonía.

Un aroma infinitesimal, exquisitamente elixido, co que se mestura unha levísima humidade, aboia nesta atmosfera na que o espírito somnolento se deixa arrolar por sensacións de cálido invernadoiro.

A muselina chove abundante diante das fiestras e diante da cama; esparéxese en niveas fervenzas. Nesta cama, está deitada a Ídolo, a soberana dos soños. Pero, ¿como está aquí?, ¿quen a trouxo?, ¿que poder máxico a instalou neste trono de soño e voluptuosidade? ¿Que importa?, ¡velaquí a está!, recoñézoa.

Estes son os ollos dos que a chama atravesa o solpor; ¡esas sutís e terribles miras, que recoñezo pola súa temible malicia! Atraen, subxugan, devoran a mirada do imprudente que as contempla. Estudieinas moitas veces, estas estrelas negras que espertan a curiosidade e mailo abraio.

¿A que demoño benévolo debo estar así rodeado de misterio, de silencio, de paz e de recendo? ¡Ah beatitude!, ¡iso que adoitamos chamar vida, mesmo na súa máis feliz expansión, non ten nada en común con esta vida suprema que coñezo agora e que saboreo minuto a minuto, segundo a segundo!

¡Non!, ¡xa non hai minutos, xa non hai segundos! O tempo desapareceu; é a Eternidade quen reina, ¡unha eternidade de delicias!

Pero un golpe terrible, pesado, resoou na miña porta e, coma nos soños infernais, pareceume que recibía un golpe de picaraña no estómago.

E despois entrou un Espectro. É un ordenanza que me vén torturar en nome da lei; algunha concubina infame que vén chorar miseria e engadi-las trivialidades da súa vida ás dores da miña; ou ben o recadeiro dun director de xornal que reclama o remate do meu manuscrito.



O paradisíaco cuarto, a ídolo, a soberana dos soños, a *Sílfide*, como dicía o gran René, toda esa maxia desapareceu co golpe brutal asestado polo Espectro.

¡Horror! ¡Xa lembro! ¡xa lembro! ¡si! Este cubil, lugar de eterno fastío, é efectivamente o meu. Velaquí os estúpidos mobles, poeirentos, descanteados; o lar sen chamas e sen brasas, sucio de esgarros; as tristes fiestras nas que a chuvia debuxou sucos na cotra; os manuscritos, con riscadas ou incompletos; ¡o almanaque no que o lapis sinalou datas sinistras!

E este perfume doutro mundo, co que me embriagaba con perfeccionada sensibilidade, ¡ai! Substituído por un fétido cheiro a tabaco mesturado con non sei que noxento mofo. Aquí agora respírase o rancio da desolación.

Neste estreito mundo, pero tan cheo de tedio, só me sorrí un obxecto coñecido: a botelliña de láudano; unha vella e terrible amante. E como tódalas amantes, ¡ai!, xenerosa en agarimos e traizóns.

¡Oh, si!, reapareceu o Tempo; agora o Tempo reina soberano; e co horroroso ancián volveu todo o seu demoníaco cortexo de Lembranzas, de Espasmos, de Temores, de Angustias, de Pesadelos, de Cóleras e de Neuroses.

Asegúrovos que agora os segundos quedan forte e solemnemente acentuados, e cada un, ó salta-lo péndulo, di:

—¡Son a vida, a insoporable, a implacable vida!

Non hai máis que un Segundo na vida humana que teña por misión anunciar unha boa nova, a *boa nova* que causa a cadaquén un terror inexplicable.

¡Si! Reina o Tempo; recomezou a súa brutal dictadura. E empúrrame, coma se eu fose un boi, co seu dobre aguillón. "Arre, burriño! ¡Súa, escravo!; ¡a vivir, condenado!"

## XX

### CADAQUÉN COA SÚA QUIMERA

So un amplo ceo gris, nunha gran chaira poeirenta, sen camiños, sen herba, sen un só cardo, unha soa estruga, atopei varios homes que camiñaban encurvados.

Cada un levaba ás costas unha enorme Quimera, tan pesada coma un saco de fariña ou de carbón, ou a equipaxe dun lexionario romano.

Pero a besta monstruosa non era un peso inerte; pola contra, envolvía e afogaba ó home cos seus músculos flexibles e poderosos; aferrábase ó peito da montura coas súas potentes gadoupas; e a súa cabeza fabulosa coroaba a fronte do home coma un deses cascos horribles cos que os antigos guerreiros agardaban inspirar máis terror ó inimigo.

Interroguei a un destes homes, e pregunteille a onde ían deste xeito. Contestoume que non tiña idea, nin el, nin os demais; pero que evidentemente se dirixían a algún sitio, pois que se sentían empurrados por unha invencible necesidade de camiñar.

Dato curioso: ningún destes viaxeiros parecía enfurecido coa besta feroz pendurada do pescozo e pegada ás costas; diríase que a consideraba parte integrante do seu ser. Ningún destes rostros cansos e serios testemuñaban desesperación ningunha; baixo a cúpula *spleenética* do ceo, os pés fundidos na poeira dunha terra tan desolada coma o ceo, ían camiñando coa fisionomía resignada dos que están condenados a sempre agardar.

E o cortexo pasou cabo de min e perdeuse na atmosfera do horizonte, onde a superficie redondeada do planeta se subtrae á curiosidade da mirada humana.

E durante uns instantes tratei teimosamente de comprender este misterio; pero axiña se me botou enriba a irresistible Indiferencia, e o seu peso abafoume máis do que a eles mesmos as súas atafegantes Quimeras.

## XXI

### OS DONS DAS FADAS

Había gran asemblea entre as fadas para proceder ó reparto de dons entre tódolos que acababan de nacer, chegados á vida durante as últimas vintecatro horas.

Todas estas entregas e caprichosas Irmás do Destino, todas aquelas curiosas Nais da ledicia e mais da dor, eran moi diferentes: unhas tiñan cara seria e encabuxada; outras, rebuldeiras e pícaras; unhas, mozas, que sempre foran mozas; outras, vellas, que sempre foran vellas.

Viñeran tódolos pais que teñen fe nas Fadas, cadaquén cun acabado de nacer nos brazos.

Os Dons, as Facultades, os Azares favorables, as Circunstancias invencibles, estaban amoreados cabo do Tribunal, coma os premios nun estrado, nunha distribución de galardóns. O curioso aquí era que os Dons non eran recompensa de esforzo ningún, senón unha gracia concedida a quen aínda non vivira, unha gracia que podía determina-lo seu destino e converterse tanto na fonte da súa desgracia como na da súa felicidade.

As pobres fadas andaban moi atarefadas; pois a multitude dos solicitantes era enorme, e o mundo intermedio, colocado entre o home e Deus, está sometido coma nosoutros á terrible lei do Tempo e da súa infinita posteridade, os Días, as Horas, os Minutos e mailos Segundos.

O certo é que andaban tan atordadas coma os ministros un día de audiencia, ou os empregados do Montepío cando unha festa nacional autoriza os desempeños gratuítos. Mesmo coido que de cando en vez miraban a agulla do reloxo cunha impaciencia semellante á dos xuíces humanos que, en sesión desde as primeiras horas da mañá, non poden deixar de pensar no xantar, na familia e nas súas queridas zapatillas. Se na xustiza sobrenatural hai un algo de precipitación e azar, non nos estrañe se por veces pasa o mesmo na xustiza humana. Neste caso, nós mesmos seriamos xuíces inxustos.

Por iso, aquel día cometéronse unhas cantas parvadas que se poderían considerar fortuítas, se a prudencia, antes có capricho, fose o trazo distintivo, eterno das fadas.

Xa que logo, o poder de atraer magneticamente a fortuna foille adxudicado ó único herdeiro dunha familia moi rica; quen, falto de todo sentido da caridade, e tamén de calquera cobiza polos bens máis aparentes da vida, habíase atopar máis tarde enormemente molesto cos seus millóns.

Deste xeito, deuse o amor da Beleza e maila Potencia poética ó fillo dun miserento descoñecido, canteiro de oficio, que non podía de ningún xeito contribuír a desenvolve-las facultades nin alivia-las necesidades da súa deplorable descendencia.

Esquecín dicirlles que a distribución, nestes casos solemnes, é inapelable, e que non se pode rexeitar don ningún.

Xa se erguían tódalas falas, coidando rematada a tarefa, pois que non quedaba ningún agasallo, ningún obsequio que botar a este refugallo humano, cando se ergue un homiño, un pobre tendeiro segundo creo, e, agarrando o vestido de vapores multicolores da Fada que estaba máis preto del, exclamou:

—¡Oia, señora!, ¡esquécese de nós! ¡Queda o meu rapaz! ¡Non quero ter vido para nada!

A Fada podía verse nun aperto, pois non quedaba *nada*. Emporiso, lembrou a tempo unha lei ben coñecida, aínda que raras veces aplicada no mundo sobrenatural, habitado por estas divindades impalpables, amigas do home, e a miúdo obrigadas a acomodarse ás súas paixóns, como son as Fadas, os Gnomos, as Píntegas, as Sílfides, os Silfos, as Nixes, os Ondinos e mailas Ondinas –falo da lei que faculta ás Fadas, nun caso coma este, é dicir, en caso de se esgota-los lotes, facultade para dar un máis, suplementario e

excepcional, sempre e cando teñan imaxinación abonda para crealo de inmediato.

Así pois, a boa da fada contestou, cun tino digno do seu rango:

—Doulle ó teu fillo... doulle... *jo don de agradar!*

—Pero agradar, ¿cOmo? ¿agradar?... ¿agradar por que? —preguntaba teimosamente o pequeno tendeiro, que debía ser sen dúbida un deses razoadores tan comúns, incapaces de se elevaren á lóxica do Absurdo.

—¡Porque si!, ¡porque si! —retrucou a Fada encabuxada, volvéndolle as costas.

E ó se unir á comitiva das compañeiras, exclamou:

—¡Que vos parece este francesiño vaidoso, que quere entendelo todo, e que logo de conseguir para o fillo o mellor lote aínda ousa preguntar e discuti-lo indiscutible!

## XXII

### O PASTEL

Estaba de viaxe. A paisaxe no medio da que me atopaba era dunha grandeza e unha nobreza irresistibles. Algo de aquilo pasou sen dúbida naquel instante á miña alma. Os meus pensamentos voaban lixeiros coma o ambiente; as paixóns vulgares, coma o odio e mailo amor profano, parecíanme agora tan afastadas coma as nubes que desfilaban ós meus pés no fondo dos abismos; a miña alma parecía tan ampla e tan pura coma a bóveda do ceo que me envolvía; a lembranza das cousas terrestres non chegaba ó meu corazón máis que debilitada e diminuída, coma o son dos chocallos do gando imperceptible que pacía lonxe, moi lonxe, na aba doutra montaña. No pequeno lago inmóbil, que a profundidade tinguía de negro, pasaba ás veces a sombra dunha nube, como reflexo do manto dalgún xigante aéreo a cruza-lo ceo voando. E lembro que esta sensación solemne e inaudita, causada por un gran movemento perfectamente silandeiro, enchíame dunha ledicia mesturada de temor. Nunha palabra, sentíame, gracias á entusiasmadora beleza que me rodeaba en perfecta paz comigo mesmo e co universo; mesmo creo que, coa miña completa beatitude e o meu esquezo total de todo o mal terrestre, cheguei a non atopar tan ridículos os xornais que pretenden que o home naceu bo. Naquel momento, ó anova-las súas esixencias a materia incurable, dispoñíame a repara-la fatiga e a alivia-lo apetito espertado por tan longa subida. Saquei do peto un bo anaco de pan, un vaso de coiro e mais un frasco de certo elixir que os farmacéuticos vendían daquela ós turistas para mesturalo, chegado o caso, con auga de neve.

Cortaba tranquilamente o pan cando un lixeirísimo ruído me fixo ergue-la vista. Diante de min estaba un pequeno ser farrapento, moreno, greñudo, de ollos afundidos, rabudos e case suplicantes que devoraban o anaco de pan. E sentinlle salaiar, con voz baixa e rouca, a palabra: *¡paste!* Non puideren reprimi-lo riso ó oí-lo vocábulo co que consentía honra-lo meu pan case branco, e cortei para el unha boa rebanda, que lle ofrecín. Achegouse a modo, sen afasta-la vista do obxecto cobizado; despois, agarrando bruscamente o cacho de pan coa man, retrocedeu lizgairo, coma se temese que a miña oferta non fose sincera ou que xa me estivese arrependido.

Pero no mesmo instante, botouno ó chan outro pequeno salvaxe xurdido de non sei onde, e tan perfectamente semellante ó primeiro que o había poder tomar polo irmán xemelgo. Rularon xuntos polo chan, disputando a valiosa presa, non querendo, sen dúbida, ningún dos dous sacrifica-la metade para o irmán. O primeiro, exasperado, agarrou ó segundo polos pelos; este colleulle ó primeiro unha orella entre os dentes, e cuspiu un pedaciño sangrante cun terrible xuramento dialectal. O lexítimo propietario do pastel tratou de finca-las pequenas gadoupas nos ollos do usurpador; quen, ó mesmo tempo, aplicou tódalas súas forzas para estrangula-lo adversario cunha man mentres, coa outra, intentaba meter no peto o premio do combate. Mais, o vencido, reanimado pola desesperación, volveuse erguer e botou na terra o vencedor dunha cabezada no estómago. ¿Para que describir unha liorta repugnante que durou desde logo máis tempo có que as forzas infantís deixaban supoñer? O pastel pasaba de man a man e cambiaba de peto a cada momento; pero ¡ai! cambiaba tamén de volume; e cando ó cabo, alasando, extenuados, sangrientos, pararon por resultarles imposible seguir, o certo é que a batalla xa non tiña obxecto ningún; o anaco de pan desaparecera e estaba espaxado en migallas semellantes ós grans de area cos que se mesturara.

Este espectáculo embretemárame a paisaxe, e a ledicia agradable coa que a miña alma se consolaba antes de ver estes homiños desaparecera completamente; e fiquei triste bastante tempo, repetindo para min sen parar: "Xa que logo, ¡existe un país soberbio no que o pan se chama *pastel*, lambetada tan escasa que abonda para xerar unha guerra totalmente fratricida!"

## XXIII

### O XOGUETE DO POBRE

Quero da-la idea dunha distracción inocente. ¡Hai tan poucas diversións que non sexas pecaminosas!

Cando saian vostedes á mañá coa intención decidida de vagar polas grandes rúas, enchan os petos de pequenos inventos de catro cartos –como son o pulchinelos simple, movido por un só fío, os ferreiros que baten a bigornia, o xinete e mailo cabalo nos que o rabo é un asubío– e regállenllos ós nenos descoñecidos e pobres que atopen, nas portas das tabernas ou pé das árbores. Verán como se lles abren os ollos desmesuradamente. De primeiras, non se han atrever a collelos; dubidarán da propia felicidade. Despois, as súas mans han agarrar rexamente o agasallo, e han fuxir coma os gatos que van comer lonxe o anaco que lles acaban de dar, pois que aprenderon a desconfiar do home.

Nunha rúa, trala reixa dun enorme xardín, ó remate do cal se albiscaba a brancura dun fermoso castelo iluminado polo sol, estaba un neno fermoso e limpo, vestido cun deses traxes de campo tan xeitosiños.

O luxo, a despreocupación e mailo espectáculo habitual da riqueza fan tan fermosos estes nenos que se terían por feitos doutra pasta que os nenos da mediocridade e da pobreza.

Cabo del xacía na herba un xoguete magnífico, tan relucente coma o amo, vernizado, dourado, vestido con traxe púrpura e cuberto con plumeiros e lilainas. Pero o meniño non se ocupaba do seu xoguete preferido; velaquí o que el ollaba.

Ó outro lado do enreixado, na rúa, entre os cardos e mailas ortigas, había outro neno, sucio, mirrado, ulixinoso, un deses meniños-paria nos que unha ollada imparcial había distingui-la beleza se, do mesmo xeito que o ollo do experto adiviña unha pintura marabillosa baixo dun verniz groseiro, o limpase da noxenta pátina da miseria.

A través dos barrotes simbólicos que separan os dous mundos, a rúa e mailo castelo, o meniño pobre amosáballe ó meniño rico o propio xoguete, que este examinaba avidamente como un obxecto descoñecido e cobizado. Pois ben, este xoguete, que o pequeno farrapento axitaba, sacudía e removía nunha caixa enreixada, ¡jera unha rata viva! Os pais, sen dúbida por economía, sacaran o xoguete da vida mesma.

E os dous nenos rían un ó outro fraternalmente, con dentes de *igual* brancura.

GRUPO DE 1863

## XXIV

### ¿CAL É A VERDADEIRA?

Coñecín unha tal Benedicta que enchía o ambiente de ideal, cuns ollos que espaxaban unha arela de grandeza, de beleza, de gloria, e de todo cando fai crer na inmortalidade.

Mais aquela milagrosa rapaza era demasiado fermosa para vivir moito tempo; así que morreu poucos días despois de que a coñecese, e fun eu quen a enterrou, un día en que a primavera axitaba o seu incensario mesmo nos cemiterios. Fun eu quen a enterrou, ben choída nun cadaleito de madeira perfumada e incorruptible, coma os cofres da India.

E como a miña ollada quedara cravada no lugar onde estaba sepultado o meu tesouro, vin de súpeto unha persoiña que semellaba curiosamente á defunta e que, tripando a terra fresca cunha violencia histérica e crúa, dicía rompendo a rir:

—¡Son eu, a verdadeira Benedicta! ¡Son eu, eu, unha perfecta canalla! ¡E como castigo á túa tolemia e á túa cegueira, hasme querer tal como eu son!

Pero eu, furioso, contesteille:

—¡Non, non, non!

E para mellor subliña-la miña negación batín tan fortemente o chan co pé, que afundín a perna ata o xeonllo na sepultura recente, e que, cal un lobo collido nun trebello, fiquei atrapado, quizais para sempre, na fosa do ideal.

## XXV

### OS FAVORES DA LÚA

A lúa, que é o mesmo capricho, mirou pola fiestra mentres durmías no teu berce e pensou: "Aquela rapariga gústame."

E descendeu suavemente a súa escaleira de nubes e pasou sen ruído a través dos vidros. Despois tendeuse enriba de ti co tenro agarimo dunha nai, e depositou o seu colorido no teu rostro. Por iso as meniñas dos teus ollos quedaron para sempre verdes, e as túas meixelas extraordinariamente pálidas. Foi contemplando esta visitante como os teus ollos agrandaron tanto; e colleute tan afectuosa polo colo, que che quedaron para sempre ganas de botar a chorar.

Non obstante, na expansión da túa ledicia, a lúa enchía toda a estancia coma unha atmosfera fosfórica, coma un veneno luminoso; e toda aquela luz viva pensaba e dicía:

—Has sufrir eternamente a influencia do meu bico. Has ser fermosa ó meu xeito. Has amar canto amo e canto me ama: a auga, as nubes, o silencio e maila noite; o mar verde e inmenso; a auga informe e multiforme; o lugar onde non esteas; o amante a quen non has coñecer; as flores monstruosas; os recendos que fan delirar; os gatos que pasman enriba dos pianos e que xemen coma mulleres, con voz rouca e doce.

»E hante ama-los meus amantes, hante cortexa-los meus cortexadores. Sera-la raíña dos homes de ollos verdes ós que tamén apertei o pescozo cos meus agarimos nocturnos; daqueles que aman o mar, o mar inmenso, tumultuoso e verde, a auga informe e multiforme, o lugar onde non están, a muller á que non coñecen, as flores sinistras que parecen incensarios dunha relixión descoñecida, os recendos que toldan a vontade, e mailos animais salvaxes e voluptuosos que son símbolo da súa loucura.

É por isto polo que, miña querida maldita rapariga caprichosa, estou agora tendido ós teus pés, á procura en toda a túa persoa do reflexo da temible Divindade, da madiña fatídica, da envelenadora ama de cría de tódolos *lunáticos*.

## XXVI

### AS TENTACIÓNS

## OU EROS, PLUTO E MAILA GLORIA

Dous magníficos Satáns e unha Diabresa, non menos excepcional, subiron a noite pasada a escaleira misteriosa pola que o Inferno asalta a debilidade do home adurmiñado, e comunica con el en segredo. Viñeron pousar gloriosamente diante de min, de pé coma nun estrado. Un esplendor sulfuroso emanaba destes tres personaxes, que destacaban así sobre o fondo opaco da noite. Tiñan un aire tan fachendoso e tan dominante que de primeiras tomeinos a todos tres por verdadeiros Deuses.

O rostro do primeiro Satán era de sexo ambiguo, e nas liñas do seu corpo presentaba tamén a frouxidade dos entregos Bacos. Os seus fermosos ollos lánguidos, de cor tenebrosa e indecisa, parecían violetas aínda cargadas co pesado pranto da treboada, e os seus beizos entreabertos eran coma cálidos piveteiros, de onde manaba o agradable recendo dunha perfumería; e cada vez que salaiaba, uns insectos almiscrados iluminábanse, voando, co seu ardoroso alento.

Ó redor da súa purpúrea túnica levaba enrolada, a xeito de cinto, unha serpe irisada que, a cabeza erguida, xiraba languidamente cara a el os ollos de brasa. Deste cinto vivo penduraban, alternando con frasquiños cheos de sinistros licores, relucentes navallas e instrumentos de cirurxián. Na man dereita sostíña un frasco cun contido que era dun vermello luminoso e que levaba a xeito de etiqueta estas estrañas palabras: "Bebede, isto é o meu sangue, un cordial perfecto"; na man esquerda, un violín que sen dúbida lle servía para canta-los seus praceres e mailos seus sufrimentos, e para espaxe-lo contaxio da súa loucura nas noites de bruxería.

Os delicados nocellos arrastraban algúns elos dunha cadea de ouro tronzada, e cando a molestia que isto supoñía o obrigaba a baixa-la ollada ó chan, contemplaba fachendoso as uñas dos pés, brillantes e pulidas como xemas ben talladas.

Botoume unha ollada desconsoladoramente magoante, que rebordaba unha insidiosa embriaguez, e díxome con voz cantante:

—Se queres, se queres hei facer de ti o señor das almas, e has se-lo amo da materia vivinte, máis do que o escultor pode selo da arxila; e has coñece-lo pracer, sempre renacente, de saír de ti mesmo para te esqueceres en ser alleo, e de atrae-las demais almas ata confundilas coa túa.

E contesteille:

—¡Mil gracias!, non teño nada que facer con estes seres de pacotilla que, sen dúbida, non valen moito máis có meu pobre eu. Aínda que sexa algo vergoñento lembrar, non quero esquecer nada; e aínda que non te coñecese, vello monstro, a túa misteriosa coitelería, os teus sospeitosos frasquiños, as cadeas que traban os teus pasos, son símbolos que aclaran abondo os inconvenientes da túa amizade. Queda cos teus agasallos.

O segundo Satán non tiña nin este aspecto a un tempo tráxico e risoño, nin eses bos modais insinuantes, nin esa beleza delicada e perfumada. Era un home inmenso, con gran rostro sen ollos, cun enorme bandullo que dominaba as coxas, e que tiña a pel dourada e ilustrada, a maneira de tatuaxe, cunha infinidade de pequenas figuras movedizas que representaban as numerosas formas da miseria universal. Había alí homiños mirrados que se penduraban adrede dun cravo; había pequenos gnomos deformes, fracos, con ollos suplicantes que reclamaban unha esmola mellor cás súas mans trementes; e despois, vellas nais levando en brazos enxendros collidos dos peitos extenuados. Había moitos máis.

O groso Satán batía o enorme ventre co puño, e saía de alí daquela un longo e retumbante repeniqueo metálico que remataba en vago xemido feito de numerosas voces humanas. E ría, amosando impúdico os dentes podres, cun enorme riso imbécil, como algúns homes de tódolos países cando cearon de máis.

E aquel díxome:

—¡Podo darche o que o consegue todo, o que vale máis que todo, o que o substitúe todo!

E bateu no monstruoso ventre, sendo o seu sonoro eco comentario da fala groseira.

Afasteime con repulsión e contestei:

—Non preciso para o meu gozo a miseria de ninguén; e non quero unha riqueza atristurada, coma un papel pintado, con tódalas desgracias representadas na túa pel.

Canto á Diabresa, había mentir de non confesar que, á primeira ollada, atopeille un certo encanto. Para definir este encanto non podería compara-lo a nada mellor có das mulleres moi fermosas xa entradas en anos que, non obstante, deixan de envellecer e a beleza das cales conserva o feitizo penetrante das ruínas. Tiña un aspecto á vez imperioso e langarilleiro, e os ollos, aínda que cansos, encerraban unha forza fascinadora. O que máis me impresionou foi o misterio da súa voz na que volvía atopala lembranza das *contralti* máis deliciosas, e tamén algo do rouquén das gorxas constantemente lavadas con augardente.

—¿Queres coñece-lo meu poder? —dixo a falsa deusa coa súa voz encantadora e paradoxal—. Escoita.

Daquela embocou unha xigantesca trompeta, adornada con cintas, como unha fruta, cos titulares de tódolos xornais do universo, e con esta trompeta berrou o meu nome, que retumbou polo espacio como cen mil tronos, volvendo a min repercutido polo eco do máis afastado planeta.

—¡Demoños! —dixen, medio subxugado—, ¡isto si que é valioso!

Pero ó examinar con máis atención a graciosa machorra, tiven a vaga sensación de recoñecela por tela visto brindar con algúns energúmenos coñecidos meus; e o rouco son do cobre trouxo ós meus oídos non sei qué lembranza de trompeta prostituída.

Daquela contestei, con todo o meu desprezo:

—¡Marcha! Non son quen casa coa amante dalgúns ós que non quero nomear.

De certo, tiña eu dereito a fachendear de tan valente abnegación. Mais desgraciadamente espertei, e abandonoume toda a forza: "Verdadeiramente", pensei, "tiña que estar ben fondamente durmido para ter tantos escrúpulos. ¡Ah, se puidesen volver agora que estou esperto, non me había facer tan difícil!"

E invoqueinos en voz alta, suplicándolles que me perdoasen, ofrecéndolles deshonorarme tantas veces como fose preciso para merece-los seus favores; mais desde logo ofendéraos moi gravemente, porque non volveron nunca.

## XXVII

### UNHA MORTE HEROICA

Fanciulle era un admirable bufón, e case un dos amigos do príncipe. Pero, para as persoas consagradas profesionalmente ó cómico, as cousas serias teñen fatais atractivos, e malia parecer estraño que as ideas de patria e liberdade se apoderen despoticamente do cerebro dun histrión, un día Fanciulle entrou nunha conspiración composta por algúns xentilhomes descontentos.

Por tódolos sitios se atopa xente de ben que denuncia ó poder eses individuos de humor atrabiliario que queren depoñe-los príncipes e realizar, sen consultala, a mudanza dunha sociedade. Os señores en cuestión foron detidos, e tamén Fanciulle, e condenados a morte certa.

Non me custaría crer que ó Príncipe case se anoxou ó atopa-lo seu cómico favorito entre os rebeldes. O Príncipe non era nin mellor nin peor ca outro; pero unha sensibilidade excesiva facíao, en moitos casos, máis cruel e despótico ca tódolos semellantes. Amante apaixonado das belas artes, e excelente coñecedor polo demais, era verdadeiramente insaciable en canto a voluptuosidades. Bastante indiferente no que fai ós homes e maila moral, verdadeiro artista el mesmo, non coñecía inimigo máis perigoso có Tedio, e os enormes esforzos que facía para fuxir ou por vencer ese tirano do mundo, habían facer certamente merecedor, por parte dun historiador severo, do epíteto de "monstro", de se permitir, nos seus dominios, escribir calquera cousa que non tivese como finalidade única o deleite ou o abraio, que é unha das formas máis delicadas do pracer. A gran desgracia do Príncipe foi que non tivo nunca teatro abondo amplo para o seu xenio. Hai novos Neróns que afogan en lindes demasiado estreitas e dos que os séculos vindeiros han

ignorar sempre o nome e maila boa vontade. A imprevisora Providencia dotara a este con facultades máis grandes cós seus Estados.

De socato correu o rumor de que o Príncipe quería concederlle-la gracia a tódolos conxurados; e a orixe deste rumor foi o anuncio dun grande espectáculo no que Fancioulle debía representar un dos principais e mellores papeis, e ó que habían asistir mesmo, segundo se dicía, os xentilhomes condenados; sinal evidente, engadían os espíritos superficiais, das xenerosas tendencias do Príncipe ofendido.

Partindo dun home tan natural e voluntariamente excéntrico, todo era posible, mesmo a virtude, mesmo a clemencia, sobre todo se puidese agardar dela praceres inesperados. Mais, para aqueles que, coma min, puideran penetrar máis nas profundidades desta alma curiosa e enferma, era infinitamente máis probable que o Príncipe quixese xulga-lo valor dos talentos escénicos dun home condenado a morte. Quería aproveita-la ocasión para efectuar un experimento fisiolóxico de interese *capital*, e verificar ata que punto as facultades habituais dun artista podían alterarse ou modificarse en función da situación extraordinaria na que se atopaba; máis alá, ¿existiría na súa alma unha intención máis ou menos definida de clemencia? Este é un punto que nunca se puido esclarecer.

Por fin, chegado o gran día, aquela pequena corte despregou tódalas súas pompas, e había ser difícil concibir, agás que se vise, todo o esplendor que a clase privilexiada dun pequeno Estado, de recursos limitados, pode sacar a relucir para unha verdadeira solemnidade. Aquela era dobremente verdadeira, dunha banda pola maxia do luxo despregado e doutra polo interese moral e misterioso que levaba consigo.

O señor Fancioulle destacaba sobre todo nos papeis mudos ou de poucas palabras, que moitas veces son os principais neses dramas feiteiros que pretenden representar simbolicamente o misterio da vida. Saíu a escena con lixeireza e perfecta soltura, o que contribuíu a confirmar, no espírito do público, a idea de clemencia e perdón.

Cando se di dun comediante "velaqué un bo cómico", emprégase unha fórmula que implica que, tralo personaxe, aínda se adiviña o actor, é dicir, a arte, o esforzo, a vontade. Agora ben, se un actor chegase a ser, con relación ó personaxe que ten que interpretar, o que as mellores estatuas da Antigüidade – milagrosamente animadas, vivas, que andan, que ven– serían, tocante á idea xeral e confusa da beleza, ese sería, sen dúbida, un caso singular e realmente inaudito. Fancioulle foi, aquela noite, unha perfecta idealización que era imposible non supoñer viva, posible, real. Aquel bufón ía, víña, ría, choraba, convulsionábase, cunha indestructible aureola ó redor da cabeza, aureola invisible para todos, pero visible para min, e na que se mesturaban, estraña amalgama, os raios da Arte e maila gloria do Martirio. Fancioulle introducía, por non sei qué gracia especial, o divino e mailo sobrenatural, mesmo nas pallasadas máis extravagantes. Trémeme a pluma, e as bágoas dunha emoción sempre presente asómanme ós ollos mentres procuro describivos aquela velada memorable. Fancioulle demostrábame, dun xeito perentorio, irrefutable, que o delirio da Arte é máis apto que calquera outro para acala-los terrores do abismo; que o xenio pode representa-la comedia á beira da tumba cunha ledicia que lle impide ve-la tumba, perdido como está nun paraíso que exclúe toda idea de tumba e de destrucción.

Todo aquel público, por moi enfastiado e frívolo que fose, ficou axiña so o omnipotente dominio do artista. Ninguén pensou xa en morte, duelo nin suplicios. Cadaquén abandonouse, sen preocupación, ás multiplicadas voluptuosidades que proporciona a visión dunha obra mestra viva. As explosións de ledicia e admiración retumbaron unha e outra vez na bóveda do edificio coa enerxía de tronos repetidos. O mesmo Príncipe, embriagado, mesturou os seus aplausos cos da súa corte.

Emporiso, para unha mirada clarividente, a súa embriaguez non era pura. ¿Sentírase vencido no seu poder de déspota?, ¿humillado na súa arte de aterra-los corazóns e adurmiña-los espíritos?, ¿frustrado nas súas esperanzas e burlado nas súas previsións? Estas suposicións, non exactamente xustificadas, mais tampouco absolutamente inxustificables, atravesáronme a alma mentres contemplaba o rostro do Príncipe, no que se engadía sen parar á palidez adoita unha nova palidez, como á neve se engade a neve. Os seus beizos apertábanse cada vez máis, e a súa ollada acendíase cun lume interior semellante ó dos celos e mailo rancor, mesmo mentres aplaudía ostensiblemente o talento do seu vello amigo, o estraño bufón, que tan ben facía bufonadas coa morte. En certo momento vén a Súa Alteza debruzarse cara a un pequeno paxe, colocado tras del, e falarlle ó oído. A fisionomía renarte do fermoso neno iluminouse cun sorriso; e despois abandonou súpeto o palco principesco, como para cumprir cun recado urgente.

Poucos minutos despois, un chíó de asubío agudo, prolongado, interrompeu a Fancioulle nun dos seus mellores momentos, esgazando a un tempo os oídos e mailos corazóns. E desde o lugar de onde abrollara



esta desaprobación inesperada, un neno botábase ó corredor con afogada gargallada.

Fancioulle, impresionado, espertado no medio do soño, primeiro pechou os ollos, despois volveunos abrir case de inmediato, desmesuradamente agrandados, abriu a boca, como para respirar convulsivamente, cambaleou un pouco cara a adiante, un pouco cara a atrás, e despois caeu morto redondo no escenario.

O asubío, rápido coma unha espada, ¿frustrara de veras ó verdugo? ¿O propio Príncipe previra a homicida eficacia da súa trampa? Pódese dubidar. ¿Botou en falta ó seu querido e inimitable Fancioulle? Resulta consolador e lexítimo crelo.

Os xentilhomes culpables gozaran por última vez do espectáculo da comedia. Naquela mesma noite foron borrados da vida.

Desde entón, moitos mimos, xustamente apreciados en diferentes países, viñeron actuar ante a Corte de \*\*\*\*; mais ningún puido compararse co marabilloso talento Fancioulle, nin acada-los mesmos *favores*.

## XXVIII

### O TIRSO

*a Franz Liszt*

¿Que é un tirso? Segundo o significado moral e poético, é un emblema sacerdotal en man dos sacerdotes e sacerdotisas que celebran a divindade da que son intérpretes e servidores. Pero fisicamente non é máis que un caxato, un simple caxato, vara de lúpulo, titor da vide, seco, duro e recto. Ó redor deste pao, en caprichosos meandros, xogan e brincan pólas e flores, sinuosas e fuxidías estas, aquelas debruzadas coma campás ou copas invertidas. E desta complexidade de liñas e cores, tenras ou cegadoras, abrolla unha gloria asombrosa. ¿Non se diría que a liña curva e maila espiral cortexan á recta e báilanlle arredor con muda adoración? ¿Non se diría que todas estas delicadas corolas, todos estes cálices, rebentan en recendos e cores, interpretan un místico fandango arredor do hierático caxato? E non obstante, ¿que imprudente mortal se había atrever a decidir se as flores e mailos pámpanos foron creados para o caxato, ou se o caxato non é máis que un pretexto para amosa-la beleza das flores e os pámpanos? O tirso é a representación da túa sorprendente dualidade, mestre fecundo e venerado, querido Bacante da Beleza misteriosa e apaixonada. Nunca ninfa ningunha exasperada polo invencible Baco sacudiu o seu tirso por riba das cabezas das compañeiras con tanta enerxía e caprichos como axíta-lo teu xenio sobre os corazóns dos teus irmáns. O caxato é a túa vontade, recta, firme e inquebrantable; as flores son o paseo da túa fantasía arredor da túa vontade; é o elemento feminino executando arredor do macho as súas prestixiosas piruetas. Liña recta e liña arabesca, intención e expresión, rixidez da vontade, sinuosidade do verbo, unidade do fin, variedade dos medios, amalgama todopoderosa e indivisible do xenio, ¿que analista había te-lo detestable valor de analizarvos e separarvos?

Querido Liszt, a través das brétemas, máis aló dos ríos, por riba das cidades onde os pianos cantan a túa gloria, onde a imprenta traduce a túa sabedoría, onde queira que esteas, no medio dos esplendores da cidade eterna ou nas brétemas dos países soñadores que Cambrino consola, improvisando cantos de deleite ou de dor inefable, ou confiando ó papel as túas meditacións abstrusas, cantor da Voluptuosidade e das Angustias eternas, filósofo, poeta e artista, ¡saúdote na inmortalidade!

## XXIX

### O DESEXO DE PINTAR

Desgraciado o home quizais, pero ¡feliz o artista esfolado polo desexo!

Ardo por pintar á que se me apareceu tan raramente, e que marchou tan ás présas, coma unha bela visión magoante tralo viaxeiro que a noite leva. ¡Canto tempo hai que desapareceu!

É fermosa, e máis que fermosa; é abraiante. Nela abunda o negro: e todo canto inspira é nocturno e profundo. Os seus ollos son dous antros nos que escintilea vagamente o misterio, e a súa ollada ilumina coma o lóstrego: unha explosión nas tebras.

Compararía a cun sol, negro de se poder concibir un astro negro botando luz e felicidade. Mais suxire mellor a lúa, que sen dúbida a marcou coa súa temible influencia; non a lúa branca dos idilios, que semella unha noiva fría, senón lúa sinistra e embriagadora, pendurada no fondo dunha noite de trebón e bambeada polas galopantes nubes; non a lúa agradable e discreta que visita o soño dos homes puros, ¡senón a lúa arrincada do ceo, vencida e rebelde, que as Meigas tesalienses obrigan inflexibles a bailar na herba horrorizada!

Na súa pequena fronte habitan a vontade teimuda e maila cobiza. Emporiso, na parte baixa deste rostro inquietante, as trémulas aletas do nariz aspiran o descoñecido e mailo imposible, e, cunha gracia inexpresable, rompe a gargallada dunha boca grande, vermella e branca, e deliciosa, que convida a soñar no milagre dunha flor magnífica aberta no medio dun terreo volcánico.

Hai mulleres que inspiran o desexo de vencelas e gozalas; pero esta esperta o desexo de morrer lentamente so a súa ollada.

XXX

#### AS FIESTRAS

Quen mira cara a fóra por unha fiestra aberta, non ve nunca tantas cousas coma quen mira a través dunha fiestra pechada. Non hai obxecto máis profundo, máis misterioso, máis fecundo, máis tenebroso, máis cegador que unha fiestra iluminada cunha candeia. O que se pode ver á luz do sol resulta sempre menos interesante có que ocorre tras dun vidro. Neste burato escuro ou luminoso vive a vida, soña a vida, sofre a vida.

Máis aló da ondada de tellados, albisco unha muller madura, engurrada xa, pobre, sempre debuzada sobre algunha cousa, e que non sae nunca. Co seu rostro, coas súas roupas, cos seus acenos, con case nada, reconstruí a historia desta muller, ou mellor dito a súa lenda, e por veces, entre bágoas, cóntoma a min mesmo.

De se tratar dun pobre ancián, había reconstruí-la del coa mesma facilidade.

E déitome, fachendoso de ter vivido e sufrido noutros que non son eu mesmo.

Pode que me digades: "¿Estás seguro de que esta lenda é a verdadeira?" ¿Que máis ten o que poida se-la realidade allea a min, se me axudou a vivir, a sentir que existo e o que eu son?

XXXI

¿XA?

Cen veces xa xurdira o sol, radiante ou entristecido, daquela inmensa curva do mar da que as beiras a penas se poden albiscar; cen veces volvera mergullarse, cegador ou melancólico, no seu longo baño do solpor. Había moitos días que podíamos contempla-lo outro lado do firmamento e descifra-lo alfabeto celeste das antípodas. E tódolos pasaxeiros xemían a refungaban. Diríase que a proximidade da terra exasperaba os sufrimentos.

—¿Pero cando —dicían— deixaremos de durmir un sono bambeado pola ondada, turbado por un vento que rouca máis forte ca nós? ¿Cando habemos poder comer unha carne que non estea tan salgada coma o infame elemento que nos leva? ¿Cando habemos poder face-la dixestión nun cadeira de brazos inmóbil?

Habíaos que pensaban no fogar, que botaban en falta as súas mulleres infieis e fuscas, e maila súa prole a

berrar. Andaban todos tan entolecidos pola imaxe da terra ausente que habían comer herba, coido eu, con máis entusiasmo cós animais.

Por fin anunciouse unha ribeira; e, ó achegármonos, vimos que era unha terra magnífica, abraiante. Parecía que as melodías da vida emanaban de alí nun vago murmuro, e que daquelas costas, ricas en toda sorte de vexetación, exhalaba, ata varias leguas, un delicioso recendo a flores e froitas.

Axiña estivo todo o mundo ledo, todos abdicaron do mal xenio. Tódalas querelas quedaron esquecidas, tódolos agravios recíprocos perdoados; os duelos convidados borráronse da memoria e os rancores esvaeceron coma o fume.

Só eu estaba triste, inconcibiblemente triste. Coma un sacerdote ó que lle arrincasen a divindade, non podía, sen magoante amargura, desprenderme daquel mar tan monstruosamente seductor, ¡daquel mar tan infinitamente variado na súa espantosa sinxeleza, e que parece encerrar, e representar cos seus xogos, os andares, as iras e os sorrisos, os humores, as agonías e mailos éxtases de tódalas almas que foron, son e han ser!

Ó dicir adeus a esta incomparable beleza, sentíame abatido a morte; é por isto polo que, cando tódolos meus compañeiros dixeron: "¡Por fin!", eu non puíden dicir máis que: "¿Xa?"

Nembargante, velaí a terra, a terra cos seus ruidos, as súas paixóns, as súas comodidades, as súas festas; velaí unha terra rica e magnífica, chea de promesas, que nos enviaba un misterioso recendo a rosa e almisce, e de onde nos chegaban as melodías da vida en amoroso murmuro.

#### GRUPO DE 1864

### XXXII

#### ¡EMBRIAGÁDEVOS!

Cómpre estar sempre bébedo. Iso é todo: esa é a cousa. Para non senti-la horrible carga do Tempo que vos esnaquiza as costas e vos debruza na terra, tedes que embriagarvos sempre.

Mais ¿con que? Con viño, con poesía ou con virtude, como queirades. Pero embriagádevos.

E se por veces, na escaleira dun pazo, na verde herba dun foxo, na triste soidade do voso cuarto, espertades, a embriaguez amainada xa ou desaparecida, preguntádelle ó vento, á onda, á estrela, ó paxaro, ó reloxo, a todo canto foxe, a todo canto salaia e dá voltas, a todo canto canta e fala, preguntade que hora é; e o vento, a onda, a estrela, o paxaro, o reloxo hanvos contestar:

—¡É hora de embriagarse! Para non se-los escravos martirizados do Tempo, embriagádevos; ¡embriagádevos sen descanso! ¡Con viño, con poesía ou con virtude, como queirades!

### XXXIII

#### O XOGADOR XENEROSO

Onte, entre a multitude do bulevar, sentín que me rozaba un Ser misterioso que sempre desexara coñecer, e que recoñecín de seguida, malia non velo nunca. Había sen dúbida nel, tocante a min, un desexo semellante, porque ó pasar chiscoume o ollo de xeito significativo ó que me apsurei a obedecer. Seguino

con atención, e axiña baixaba tras del a unha mansión subterránea, abraiante, onde escintilaba un luxo do que ningunha das mellores mansións de París podería dar exemplo aproximado. Resultoume estraño que puidese pasar tantas veces a carón da entrada desta prestixiosa gorida sen adiviña-la entrada. Alí reinaba un ambiente exquisito, aínda que embriagador, que facía esquecer de inmediato tódolos molestos horrores da vida; respirábase unha sombría beatitude, semellante á que deberon experimenta-los comedores de lotos cando, ó desembarcar nunha illa encantada, iluminada pola luz dun eterno solpor, sentiron nacer neles, ó son adurmiñante das melodiosas fervenzas, o desexo de non volver ver nunca os seus lares, mulleres, fillos, e de non volver viaxar nunca pola alta ondada do mar.

Alí había estraños rostros de homes e mulleres, marcados por unha beleza fatal que me parecía ter visto xa nunhas épocas e países que non conseguía lembrar exactamente e que máis ben me inspiraban unha simpatía fraterna que aquel temor que adoita nacer cando se contempla o descoñecido. Se quixese tratar de definir dalgún xeito a singular expresión das súas olladas, diría que nunca vin brillar uns ollos tan enerxicamente con horror ó tedio e con desexo de inmortal ganas de sentirse vivir.

Ó sentar, o meu hóspede e mais eu xa eramos vellos e bos amigos. Comemos, bebemos de máis toda clase de viños extraordinarios e, cousa non menos extraordinaria, ó cabo de varias horas parecíame que eu non estaba máis borracho ca el. Sen embargo, o xogo, ese pracer sobrehumano, interrompera en varias ocasións as nosas frecuentes libacións, e debo dicir que xogara e perdera a miña alma, en aposta, cunha despreocupación e unha lixeireza heroicas. A alma é algo tan impalpable, tantas veces inútil e en ocasións tan molesta, que, no que fai a esta perda, non sentín máis emoción que se perdesse, durante un paseo, a miña tarxeta de visita.

Fumamos durante moito tempo algúns cigarros, o sabor e recendo incomparables dos cales inspiraban á alma a nostalxia de países e felicidades descoñecidas e, ebrio de todas estas delicias, ousei, nun acceso de familiaridade que non pareceu que lle desagradase, exclamar, erguendo unha copa chea ata o bordo:

—¡Á túa inmortal saúde, vello Cabrón!

Falamos tamén do universo, da súa creación e da súa futura destrución; da gran idea do século, é dicir, do progreso e mais da perfectibilidade, e, en xeral, de tódalas formas de fachenda humana. Tocante a este tema, a súa Alteza era inesgotable en bromas lixeiras e irrefutables, e expresábase cunha suavidade de dicción e unha serenidade na retranca que non atopei en ningún dos máis soados conversadores da humanidade. Explicoume o absurdo das diversas filosofías que ata daquela se fixeran coa posesión do cerebro humano e mesmo se dignou facerme confidencias dalgúns principios fundamentais dos que beneficio e propiedade non me convén compartir con ninguén. Non se queixou de ningún xeito da mala sona que ten en tódalas partes do mundo, aseguroume que era, el mesmo, o máis interesado na destrución da *superstición*, e confesoume que non sentira medo, no que fai ó seu propio poder, máis que unha vez, o día en que oíu a un predicador, máis sutil cós seus colegas, exclamar desde o púlpito: "Meus queridos irmáns, cando oiades pregoa-lo progreso das luces, ¡non esquezades que a mellor renartería do demo consiste en convencervos de que non existe!"

A lembranza dese célebre orador levounos dun modo natural ó tema das academias, e o meu estraño hóspede aseguroume que non rexeitaba, en máis dun caso, inspira-la pluma, a palabra e maila conciencia dos pedagogos, e que asistía case sempre en persoa, aínda que permanecía invisible, a tódalas sesións académicas.

Animado por tantas bondades, pedinlle novas de Deus, e pregunteille se o vira había pouco. Contestoume cunha displicencia matizada de certa tristura:

—Saudámonos cando nos vemos, pero coma dous vellos xentilhomes nos que a cortesía innata non consegue borrar de todo a lembranza de vellos rancores.

É pouco probable que a súa Alteza concedese nunca tan longa audiencia a un simple mortal, e eu temía abusar. Por fin, como a trémula alba branqueaba as fiestras, o famoso personaxe, cantado por tantos poetas e servido por tantos filósofos que traballan á súa maior gloria sen sabelo, díxome:

—Quero que conserves unha boa lembranza de min, demostrarche que Eu, de quen por veces falan tan mal, son de cando en vez *un demo bo*, para usar unha das vosas expresións vulgares. Para compensa-la terrible perda da túa alma, heiche da-lo que habías gañar se a sorte estivese do teu lado, é dicir, a posibilidade de

aliviar e vencer, durante toda a túa vida, esa estraña doenza do Tedio, fonte de tódalas vosas enfermidades e de tódolos vosos miserentos progresos. Non has formular nunca desexo ningún sen que eu che axude a realizalo; has reinar sobre os teus vulgares semellantes; veraste cheo de gabanzas, e mesmo adoracións; os cartos, o ouro, os diamantes, os pazos de soño, hante vir procurar e suplicaranche que os aceites, sen que teñas feito esforzo para gañalos; cambiarás de patria e de país tantas veces como a túa fantasía cho ordene; fartarás con voluptuosidades, sen cansar, en países encantadores onde sempre vai calor e onde as mulleres recenden tan ben coma as flores; etc., etc. —erguéndose e despedíndose cun amable sorriso.

De non ser por temor a humillarme perante tan ilustre asemblea, con gusto había caer ós pés deste xogador xeneroso, para agradecerlle a súa inaudita esplendidez. Pero pouco a pouco, despois de deixalo, a incurable desconfianza foi esvarando no meu corazón; xa non me atrevía a crer en tan prodixiosa felicidade e, ó deitarme, volvendo ás miñas oracións nun resto de estúpido costume, ía repetindo, medio durmido:

—¡Meu Deus! ¡Señor meu Deus! ¡Fai que o demo me cumpra a súa palabra!

#### XXXIV

#### A CORDA

*a Edouard Manet*

As ilusións —dicíame o meu amigo— son quizais tan innumerables coma as relacións dos homes entre eles, ou as dos homes coas cousas. E cando desaparece a ilusión, é dicir, cando vémo-lo ser ou o feito tal como existe fóra de nós, experimentamos unha rara sensación, complicado metade pola morriña do fantasma desaparecido, metade pola agradable sorpresa ante a novidade, ante o feito real. De existir un fenómeno evidente, trivial, sempre igual, e dunha natureza tal que sexa imposible trabucarse, ese é o amor materno. É tan difícil supoñer unha nai sen amor materno coma unha luz sen calor; ¿non é logo perfectamente lícito atribuír ó amor materno tódalas accións e palabras dunha nai tocante ó seu fillo? E sen embargo, escoite esta pequena historia, na que me sentín singularmente enganado pola máis natural das ilusións.

A miña profesión de pintor lévame a observar atentamente os rostros, as fisionomías que se ofrecen no meu camiño, e xa sabe vostede qué gozo tiramos desta facultade que fai ós nosos ollos a vida máis viva e significativa que para os demais homes. No barrio afastado onde vivo, e onde amplos espacios verdes seguen separando os edificios, en varias ocasións observara un rapaz con fisionomía acendida e argalleira que me seducira, máis ca tódalas outras, desde o principio. En máis dunha ocasión posou para min, e transformeino ás veces en pequeno xitano, outras en anxo, ou en Amor mitolóxico. Fíxenlle leva-lo violín do vagabundo, a Coroa de Espiñas e os Cravos da Paixón, e mailo Facho de Eros. En fin, que atopaba na barulleira gracia daquel rapaz un pracer tan vivo que un día pedinlle ós pais, xente pobre, que accedesen a cedermo, prometendo que o había vestir ben, darlle algún diñeiro e non lle impoñer máis traballo có de limparme os pinceis e face-los meus recados. Aquel neno, unha vez limpo, resultou encantador, e a vida que levaba na miña casa parecíalle un paraíso, en comparación coa que había levar na casopa paterna. Só debo dicir que aquel homiño sorprendeume por veces con curiosas crises de tristura precoz, e que manifestou axiña un gusto inmoderado polo azucre e mailos licores; de tal xeito que un día, en que constatee que, malia as miñas numerosas advertencias, volvera cometer un furto deste tipo, ameaceino con devolve-lo ós pais. Despois saín, e os meus asuntos retivéronme bastante tempo fóra da casa.

¡Cales non serían o meu horror e abraio cando, ó volver á casa, o primeiro no que bateu a miña mirada foi no meu homiño, o argalleiro compañeiro da miña vida, pendurado da porta deste armario! Os pés case tocaban o chan; unha cadeira, que probablemente empurraría co pé, estaba envorcada cabo del; tiña a cabeza convulsivamente debuzada enriba dun ombreiro; o rostro, inchando, e os ollos abertos de par en par cunha fixeza aterradora causáronme de primeiras a ilusión de que estaba vivo. Despenduralo non foi tarefa tan doada como pode crer. Xa estaba moi teso, e resultábame inexplicablemente repugnante deixalo caer bruscamente no chan. Tiña que sostelo enteiro cun só brazo, e coa man do outro corta-la corda. Pero feito isto, non remataba; o pequeno monstro utilizara unha corda moi fina, que penetrara profundamente na carne, e agora debía, con finas tesoiras, procura-la corda entre os dous rebordes da inchazón para lle libera-lo pescozo.

Deixei sen dicirlle que pedira axuda a berros; pero negáronse tódolos meus veciños a acudir, fieis nisto ós costumes do home civilizado, que non quere nunca, non sei por que, meterse en asuntos dun aforcado. Ó cabo chegou un médico que declarou que o rapaz morrera había varias horas. Cando, máis tarde, tivemos que espilo para amortallado, a rixidez cadavérica era tal que, desesperando poder dobra-los seus membros,

tivemos que esgaza-los vestidos para quitarllos.

O comisario, ó que, por suposto, tiven que lle declara-lo accidente, miroume de esguello e díxome: "¡Mal asunto!", movido probablemente por aquel enraizado desexo e o costume profesional de meter medo, por se acaso, tanto ós inocentes coma ós culpables.

Quedaba por realiza-la suprema tarefa, e só pensar nela causábame unha angustia terrible: había que avisar-los pais. Os meus pés negábanse a levarme. Por fin tiven valor abondo. Mais, para o meu maior abraio, a nai ficou impasible, nin unha bágoa nos ollos. Atribuín esta feito estraño ó mesmo horror que debía experimentar, e lembrei o dito famoso: "As grandes dores son mudas". En canto ó pai, limitouse a dicir, con aspecto medio aparvado, medio meditabundo:

—Ó cabo, quizais sexa mellor así, ¡de tódolos xeitos había acabar mal!

Mentres tanto o corpo seguía tendido no meu diván e, axudado por unha criada, ocupábame dos últimos preparativos, cando a nai entrou no meu estudio. Quería, segundo dicía, ve-lo cadáver do fillo. Verdadeiramente, non lle podía impedir entregarse ó delirio da súa desgracia, e negarlle este supremo e tétrico consolo. Despois pregoume que lle amosase o sitio onde o seu pequeno se aforcara:

—¡Oh, non, señora —díxenlle—, causaríalle demasiada dor!

E como, sen querer, volví a ollada cara ó fúnebre armario, decateime, cun noxo mesturado de horror e rabia, de que o cravo seguía chantado na madeira, cun longo anaco de corda aínda pendurado. Boteime rápido a arrincar estes derradeiros vestixios da desgracia e, como os ía tirar pola fiestra daquela aberta, a pobre muller colleume do brazo e díxome cunha voz irresistible:

—¡Oh, señor, déixeme iso, suplicollo, préggollo!

Sen dúbida, a súa desesperación, pareceume a min, enlouqueceuna tanto, que sentía agora unha gran tenrura por aquilo que servira de instrumento para a morte do fillo e quería gardalo coma unha horrible e amada reliquia. E apoderouse do cravo e mais da cordiña.

¡Por fin!, ¡por fin! ¡Rematara todo! Non me quedaba máis que retoma-lo meu traballo, con máis enerxía cá de sempre, para botar pouco a pouco aquel pequeno cadáver que habitaba os pregues do meu cerebro e o fantasma do cal me enfastiaba cos seus grandes ollos fixos. Pero ó día seguinte recibín unha morea de cartas; unhas, dos inquilinos da casa, outras das casas veciñas; unha do primeiro andar, outra do segundo, outra do terceiro, e así sucesivamente, unhas de estilo medio burlón, como intentando disimular baixo unha aparente frivolidade a sinceridade da petición; outras, co máis desvergonzado cinismo e faltas de ortografía, pero todas tendían ó mesmo fin, é dicir, conseguir de min un anaco da funesta e beatífica corda. Entre os asinantes, debo dicilo, había máis mulleres ca homes; pero non todos, créame, pertencían á clase pobre e vulgar. Conservei estas cartas.

E daquela, de súpeto, fíxose a luz na miña mente, e comprendín por que a nai estaba tan interesada en arrincarme a corda e con que comercio pensaba consolarse.

XXXV

## AS VOCACIÓNS

Nun fermoso xardín onde os raios dun sol de outono parecían entreterse a gusto, baixo un ceo xa verdoso no que unhas nubes de ouro flotaban como continentes viaxeiros, catro fermosos meniños, catro rapaces, sen dúbida cansos de xogar, parolaban entre eles.

Un dicía:

—Onte leváronme ó teatro. Nuns pazos grandes e tristes, no fondo dos que se ve o mar e mailo ceo, uns homes e mulleres, tamén serios e tristes, pero moito máis fermosos e moito mellor vestidos cós que se ven

normalmente por aí, falan con voz cantante. Ameázanse, suplicáanse, desespéranse, e apoian a miúdo a man nun puñal que levan no cinto. ¡Ah, que bonito é! As mulleres son moito máis guapas e moito máis altas cás que nos veñen visitar á casa e, aínda que teñen un aspecto terrible cos grandes ollos fundidos e as meixelas acesas, un non pode deixar de querelas. Un ten medo, gana de chorar, e mais está contento... E despois, o máis raro é que dá gana de ir vestido da mesma maneira, de dicir, de face-las mesmas cousas, e de falar coa mesma voz...

Un dos catro nenos, que desde había uns segundos deixara de escoita-lo discurso do compañeiro e observaba, con asombrosa fixeza non sei qué punto do ceo, dixo de súpeto:

—¡Mirade, mirade aí...! ¿Védelo? Está sentado naquela nubíña illada, aquela nubíña cor de lume, que avanza a modiño. *El* tamén, ó que parece, nos está a mirar.

—Pero, ¿quen? —preguntaron os outros.

—¡Deus! —contestou con acento de total convicción—. ¡Ah!, xa está ben lonxe; dentro dun momento xa non o poderedes ver. Sen dúbida viaxa, para visitar tódolos países. Mirade, agora ha pasar tras daquela ringleira de árbores que está case no horizonte... e agora baixa por tras do campanario... ¡Aí, xa non se ve!

E o rapaz ficou moito tempo xirado do mesmo lado, fitando na liña que separa a terra do ceo cuns ollos nos que brillaba unha indicible expresión de éxtase e de mágoa.

—¡Será parvo este, co seu Deus que só el pode ver! —dixo daquela o terceiro, todo el viveza e vitalidade singulares—. Vouvos contar como me sucedeu algo que non vos aconteceu nunca, e que é bastante máis interesante có voso teatro e as vosas nubes. Hai algúns días, meus pais leváronme con eles de viaxe e, como na pousada onde paramos non había camas para nós todos, decidiuse que eu había durmir na mesma cama cá criada. —Fixo achegárense os compañeiros máis a carón del, e falou en voz máis baixa—. Tense unha estraña sensación, sabedes, ó non estar só, senón coa criada, nas tebras. Como non durmía, entretíveme pasándolle a man polos brazos, polo pescozo e os ombreiros, mentres ela durmía. Ten os brazos e o pescozo moito máis grosos ca tódalas demais mulleres, e a pel tan suave, tan suave, que parecía papel de cartas ou de seda. Gustábame tanto facelo, que había seguir ben tempo de non ser polo medo, primeiro medo de espertala, e logo medo tamén de non sei qué. Despois afundín a cabeza nos seus cabelos, que lle penduraban ás costas, mestos coma crinas, e recendían tan ben, asegúrovolos, como as flores do xardín, neste momento. Procurade, cando poidades, face-lo mesmo ca min, e ¡xa veredes!

O rapaz autor desta prodixiosa revelación tiña, ó face-lo seu relato, os ollos desorbitados por unha especie de estupefacción por aquilo que seguía experimentando, e os raios do sol poñente, ó esvarar a través dos roxos rizados dos seus cabelos desordenados, acendían neles como unha aureola sulfurosa de paixón. Era doado adiviñar que este non había emprega-la vida á procura da Divindade entre as nubes, que a había atopar a miúdo noutros lugares.

Ó cabo dixo o cuarto:

—Vós sabedes que non me divirto moito na casa; non me levan nunca ós espectáculos; o meu titor é demasiado avaro; Deus non se ocupa de min nin do meu enfastiamento, e non teño ningunha fermosa criada que me coide. Moitas veces pareceume que o que me gustaría sería ir sempre dereito para diante, sen saber onde, sen que a ninguén lle importase, e ver sempre países novos. Nunca estou ben en sitio ningún, e sempre penso que había estar mellor noutro distinto de onde estou. ¡Pois ben! Na última feira da vila veciña, vin tres homes que viven como quixera vivir eu. Vós non vos decatastes. Eran altos, case negros e moi altivos, aínda que farrapentos, co aspecto de non precisar de ninguén. Os seus grandes ollos escuros volvéronse moi brillantes mentres tocaban música; unha música tan sorprendente, que por veces dá ganas de bailar, outras de chorar, ou de face-las dúas cousas a un tempo, e que había volver a un tolo, de escoitala demasiado. Un deles, arrastrando o arco sobre o violín, parecía contar unha pena, e o outro, facendo rebotalo marteliño nas cordas dun pequeno piano pendurado do pescozo por unha correa, tiña pinta de mofarse da queixa do veciño, mentres o terceiro batía os pratos de cando en vez con esaxerada violencia. Estaban tan satisfeitos deles mesmos, que seguiron tocando a súa música de salvaxes mesmo despois de que a multitude se dispersase. Ó final recolleron as moedas, cargaron a equipaxe ás costas, e marcharon. Eu, como quería saber a onde ían, seguínos desde lonxe, ata o lindeiro do bosque, e foi onde comprendín que non vivían en sitio ningún.

»Daquela un deles dixo:

"¿Montámo-la tenda?"

"¡Abofé que non!", contestou outro. "¡Queda unha fermosa noite!"

»O terceiro, ó que contaba a recadación, dicía:

"Esa xente non sente a música e as súas mulleres bailan coma osos. Menos mal que antes dun mes estaremos en Austria; alí habemos atopar un público máis amable".

"Ó mellor vénnos ben dirixirnos a España, pois a temporada está moi avanzada; fuxamos antes das chuvias; non mollemos máis cás gorxas" dixo un dos outros dous.

»Acórdame todo, como vedes. Despois beberon cadansúa cunca de augardente e durmiron coa fronte cara ás estrelas. Primeiro entroume ganas de pedirles que me levasen con eles e que me ensinasen a toca-los instrumentos; pero non me atrevín, seguramente porque sempre é moi difícil decidirse ó que sexa, e tamén porque tiña medo de que me atrapasen antes de estar fóra de Francia.

O aire pouco interesado dos outros tres compañeiros fíxome pensar que aquel pequeno era xa un *incomprendido*. Mireino con atención; tiña nos ollos e mais na fronte un non sei qué precocemente fatal, que afasta polo xeral a simpatía, pero que, non sei por qué, excitaba a miña, ata o punto de que por un momento tiven a estraña idea de que quizais tivese un irmán que eu mesmo non coñecía.

Puxérase o sol. Instalárase a noite solemne. Os rapaces separáronse; cada un ía, sen sabelo, segundo as circunstancias e mailos azares, madura-lo seu destino, escandaliza-lo próximo e gravitar cara a gloria ou cara á deshonra.

## XXXVI

### A FERMOUSA DOROTEA

O sol abafa a cidade baixo a súa luz vertical e terrible; a area cega e o mar escintila. O mundo estupefacto derrúbase a modo e bota a sesta, unha sesta que é unha especie de morte saborosa na que o que dorme medio esperto, degusta as voluptuosidades da súa aniquilación.

Pero Dorotea, poderosa e altiva coma o sol, avanza pola rúa deserta, só ela viva nesa hora so o inmenso azul, formando sobre a luz unha mancha resplandecente e negra.

Avanza, bambeando suavemente o torso tan fino sobre as cadeiras tan anchas. O seu apertado vestido de seda, dun ton claro e rosa, destaca fortemente sobre as tebras da súa pel, e moldea exactamente o seu longo talle, as costas profundas e os peitos en punta.

O parasol vermello, cribando a luz, proxecta por riba do escuro rostro a maquillaxe sanguenta dos seus reflexos.

O peso da enorme cabeleira case azul arrastra para atrás a delicada cabeza e dálle aspecto triunfante e preguiceiro. Pesados colgantes murmuran secretamente cabo das súas lindas orellas.

De cando en vez a brisa do mar ergue un pico da saia flotante e descóbrelle a perna brillante e soberbia; e os pés, semellantes ós pés das deusas de mármore que Europa encerra nos museos, imprimen fielmente a súa forma na fina area. Pois que Dorotea é tan prodixiosamente coqueta, que o pracer de ser admirada vence nela a fachenda da escrava liberta, e, malia ser libre, anda sen zapatos.

Avanza así, harmoniosa, ditosa de vivir e sorrindo cun branco sorriso, coma se albiscase ó lonxe, no espacio, un espello que lle reflectise o camiñar e maila beleza.



Na hora en que os mesmísimos cans laian de dor baixo o sol que os morde, ¿que poderoso motivo fará camiñar así á preguiceira Dorotea, fermosa e fría coma o bronce?

¿Por que abandonou a súa pequena cabana, tan presumidamente arranxada, na que flores e esteiras compoñen sen grandes gastos un perfecto salonciño, onde goza tanto peiteándose, fumando, facéndose abanar ou mirándose no espello dos seus grandes abanos de plumas, mentres o mar, que bate a praia cen pasos máis alá, faise un poderoso e monótono acompañamento para os seus soños indecisos, e a ola de ferro, onde coce un guiso de caranguexo con arroz e azafrán, remítelle, desde o fondo do patio, os seus recendos excitantes?

Se cadra ten unha cita con algún mozo oficial que, en afastadas praias, oíu falar ós compañeiros da célebre Dorotea. Non ha fallar: halle pedir, a sinxela criatura, que lle describa o baile da Ópera, e ha preguntar se é que se pode asistir descalza, coma ós bailes domingueiros, nos que mesmo as vellas Cafrinas se embebedan e enfurecen de ledicia; e tamén despois se as fermosas damas de París son todas máis fermosas ca ela.

A Dorotea admíрана e mímana todos, e sería de todo feliz de non ter que aforrar piastra por piastra para rescata-la súa irmanciña, que terá uns once anos, que xa está madura, ¡e é tan fermosa! Hao conseguir, sen dúbida, a boa da Dorotea; ¡o amo da nena é tan avarento!, ¡demasiado avarento para entender outra beleza que a dos escudos.

### XXXVII

#### OS OLLOS DOS POBRES

¡Ah! Queres saber por qué te odio hoxe. Desde logo hache ser máis doado entendela que a min explicarcho; pois que es, segundo me parece, o máis perfecto exemplo de impermeabilidade feminina que se poida atopar.

Pasamos xuntos unha longa xornada que me parecera curta. Prometerámonos que tódolos nosos pensamentos habían ser comúns a ámbolos dous, e que, en diante, as nosas dúas almas non farían máis que unha soa; un soño que non ten nada de orixinal, ó cabo, de son ser que tódolos homes o fan e non o realiza ningún.

Á noitiña, estando algo cansa, quixeches sentar na terraza dun café novo que está na revolta dunha avenida nova, cheo aínda de cascotes e amosando xa gloriosamente os seus esplendores inacabados. O café escintilaba. Mesmo o gas despregaba nel todo o ardor dun esteo, e iluminaba con tódalas súas forzas as paredes que cegaban pola súa brancura, as superficies cegadoras dos espellos, os dourados das varíñas e das cornixas, os paxes fazuleiros arrastrados por cans encorreados, as damas que lle rin ó falcón pousado no puño, as ninfas e mailas deusas que levan enriba da cabeza froitas, pasteis e caza, as Hebés e mailos Ganimedes que presentan, alongando os brazos, unha pequena ánfora con pasteliños ou o obelisco bicolor dos xeados de varios gustos; toda a historia e toda a mitoloxía postas ó servicio da gula.

Xusto en fronte de nós, na estrada, plantárase un home duns corenta anos, de rostro fatigado, de barba entrecana, que levaba pola man un neno e sostiña no outro brazo un pequeno ser demasiado feble para andar. Facía de ama, e levaba os seus nenos a toma-lo aire do solpor. Todos eles en farrapos. Aqueles tres rostros estaban extraordinariamente serios, e aqueles seis ollos contemplaban fixamente o café novo cunha admiración igual, aínda que distintamente matizada pola idade.

Os ollos do pai, dicían: "¡Que bonito!, ¡que bonito!, diríase que todo o ouro do pobre mundo veu colocarse enriba destas paredes." Os ollos do rapaciño: "¡Que bonito, que bonito, pero é unha casa na que só pode entrar a xente que non é coma nós!" O que son os ollos do máis novo, estaban demasiado fascinados para poder expresar outra cousa que unha ledicia estúpida e fonda.

Os *chansonniers* din que o pracer fai boa a alma e amolece o corazón. A cantiga tiña razón, esta noitiña, polo que a min fai. Non só estaba entenrecido por aquela familia de ollos, senón que me sentía un tanto avergonzado dos nosos vasos e mailas nosas xerras, máis grandes cá nosa sede. Volvía a miña ollada cara á túa, meu amor, para ler nela o *meu* pensamento; mergullábame nos teus ollos, tan fermosos, tan estrañamente doces, nos teus ollos verdes, habitados polo Capricho e inspirados pola Lúa; e daquela dixéchesme:

—¡Esa xente faise insoportable cos ollos abertos coma cocheiras! ¿Non poderías pedirlle ó dono do café que os afastase de aquí?

¡Tan difícil é entenderse, meu anxo querido, e tan incomunicable é o pensamento, mesmo entre xente que se ama!

### XXXVIII

#### A MOEDA FALSA

Ó que nos afastabamos do estanco, o meu amigo fixo unha coidadosa clasificación das súas moedas; no peto esquerdo do chaleco deixou pequenas pezas de ouro; no dereito, pequenas pezas de prata; no peto esquerdo do pantalón, unha manchea de grandes soles; e, á fin, no dereito, unha peza de prata de dous francos que examinara especialmente.

"¡Curioso e minucioso reparto!", pensei para min.

Batemos cun esmoleiro que nos tendeu a pucha, tremendo. Non coñezo nada máis inquietante cá muda elocuencia deses ollos suplicantes, que conteñen a un tempo, para o home sensible que sabe ler neles, tanta humildade, tantos reproches. Atopo algo que se achega a esa profundidade de sentimento complexo nos ollos bagoantes dos cans azoutados.

A ofrenda do meu amigo foi moito máis considerable cá miña, e díxenlle:

—Tes razón; despois do pracer de verse sorprendido, non hai outro máis grande có de causar sorpresa.

—Era a moeda falsa —respondeu tranquilamente, como para xustificala súa prodigalidade.

Pero no meu miserento cerebro, ocupado sempre en buscarlle os tres pés ó gato (¡fatigante facultade que me regalou a natureza!), penetrou de súpeto a idea de que conducta semellante por parte do meu amigo non tiña outra escusa có desexo de crear un acontecemento na vida daquel pobre diabo, mesmo quizais de coñece-las consecuencias diversas, funestas ou doutro tipo, que pode xerar unha moeda falsa na man dun esmoleiro. ¿Non podía multiplicarse en moedas boas?, ¿non podía tamén levalo ó cárcere? Un taberneiro, un panadeiro, por exemplo, podían facelo deter como falsificador ou como propagador de moedas falsas. Mesmo tamén podía ser que a peza falsa se convertese, para un pobre pequeno especulador, en xerme dunha riqueza dalgúns días. E deste xeito a miña fantasía seguía o seu camiño, dándolle alas ó espírito do meu amigo e tirando tódalas deducións posibles de tódalas hipóteses posibles.

Mais este tronizou bruscamente a miña reflexión, recollendo as miñas propias palabras:

—Si, tes razón; non hai pracer máis agradable có de sorprenden a un home dándolle máis do que agarda.

Fiteino, e quedei horrorizado de verlle brilla-los ollos cun candor inconfundible. Decateime daquela claramente de que quixera realizar a un tempo un acto de caridade e mais un bo negocio; gañar corenta soles e mailo corazón de Deus; conseguí-lo paraíso a baixo prezo; e, ó cabo, conseguir gratis un certificado de home caritativo. Case lle había perdoa-lo desexo do gozo criminal do que hai un instante o cría capaz; pareceríame curioso, singular, que se divertise comprometendo ós pobres; mais nunca lle hei perdoa-la inepticia do seu cálculo. Nunca se pode perdoa-lo ser ruín, mais ten certo mérito saber que un o é; e o máis irreparable dos vicios é face-lo mal por necesidade.

### XXXIX

#### O ESPELLO

Un home espantoso entra e mírase no espello.

—¿Por que se mira vostede no espello, pois que non pode verse a si mesmo sen desagrado?

O home espantoso respóndeme:

—Señor, segundo os inmortais principios do 89, tódolos homes teñen iguais dereitos; xa que logo, posúo o dereito de mirarme; con agrado ou desagrado, iso non atinxe máis que á miña conciencia.

En nome do sentido común, seguramente tiña eu razón; pero, desde o punto de vista da lei, el non ía trabucado.

## XL

### O PORTO

Un porto é un delicioso lugar para unha alma cansa polas loitas da vida. A amplitude do ceo, a móbil arquitectura das nubes, os tons cambiantes do mar, o escintileo dos faros, forman un prisma maravillosamente axeitado para entrete-la ollada sen cansala nunca. As formas esguías dos barcos coas súas complexas xarcias, ós que a ondada imprime harmoniosas oscilacións, serven para darlle á alma o gusto polo ritmo e pola beleza. E ademais, sobre todo, hai unha especie de misterioso pracer aristocrático para quen xa non ten nin curiosidade nin ambición, en contemplar, tendido no miradoiro ou apoiado de cóbados no peirao, tódolos movementos dos que se van e dos que chegan, dos que teñen aínda forza de vontade, desexos de viaxar ou de enriquecerse.

GRUPO DE 1865

## XLI

### OS CANS BOS

*ó Sr. Jospheh Stevens*

Non me avergoncei nunca, mesmo diante dos escritores novos deste século, de admirar a Buffon; mais hoxe non lle vou pedir axuda á alma daquel pintor da pomposa natureza. Non.

Con ben máis gusto heime dirixir a Sterne, e direille:

—Baixa do ceo, ou sube onda min desde os Campos Elisios, para inspirarme a favor dos cans bos, dos pobres cans, un canto digno de ti, ¡sentimental farsante, incomparable farsante! Volve a carranchapernas sobre aquel famoso burro que te acompaña sempre na memoria da posteridade; e sobre todo ¡que aquel burro non esqueza levar, delicadamente pendurado entre os beizos, o inmortal mostachón!

¡Atrás musa académica! Non teño nada que facer con aquela vella remirada. Invoco á musa familiar, a cidadá, a viva, para que me axude a canta-los cans bos, os pobres cans, os cans cheos de lama, aqueles que calquera afasta, como apestados e piolentos, agás o pobre do que son socios, e mailo poeta que os mira con ollos fraternais.

¡Fóra o can canalla, cuadrúpede fato, danés, *king-charles*, dogo ou canalla, tan satisfeito de si mesmo que se bota, indiscreto, entre as pernas do visitante ou nos xeonllos coma se estivese seguro de agradar,

turbulento coma un neno, parvo coma unha dama galante, por veces afouto e insolente coma un criado!  
¡Fóra, sobre todo, aquelas serpes de catro patas, trementes e ociosas, que se chaman galgas, e que non albergan nos fociños en punta abondo olfacto para segui-las pegadas dun amigo, nin na súa cabeza chata intelixencia abonda para xogar ó dominó!

¡Á canceira todos estes pesados parasitos!

¡Que volvan á súa caseta mol e acolchada! Eu cántolle ó can enlamado, o pobre can, o can sen casa, o can azoutarrúas, can saltimbanqui, o can de instinto que, coma o dos pobres, do xitano ou do histrión, está marabillosamente inspirado pola necesidade, a boísima nai, a patroa das intelixencias!

Eu cántolles ós cans calamitosos, sexan os que vagan, silandeiros, polos sinuosos barrancos das grandes urbes, sexan os que lle dixeron ó home abandonado, con ollos pestanexantes e humorísticos:

—¡Lévame contigo, e coas nosas dúas desgracias ó mellor facemos unha especie de felicidade!

"¿A onde van os cans?", preguntaba antano Nestor Roqueplan nun inesquecible folletín que el probablemente esqueceu, e que só eu, e Sainte-Beuve quizais, lembramos aínda hoxe.

¿Preguntades a onde van os cans, homes distraídos? Van ós seus asuntos.

Citas de negocios, citas amorosas. A través da néboa, da neve, a través da lama, so o calmizo apremante, so a chuvia pingona, van, veñen, trotan, pasan por baixo dos coches, aguillóanos as pulgas, as paixóns, a necesidade ou o deber. Coma nós, madrugaron, e andan á procura do sustento ou corren ós seus praceres.

Hainos que dormen nunha ruína dos arrabaldes e que veñen cada día, á mesma hora, reclama-la *espórtula* á porta dunha cociña do barrio do Pazo Real; outros acoden, en tropel, desde máis de cinco leguas, para compartí-la comida que lles preparou a caridade dalgunhas doncelas septuaxenarias de corazón desocupado que se entregou ós animais, porque os necios xa non o queren.

Outros que, coma negros cimarróns, entolecidos polo amor, deixan certos días a súa provincia para viren á cidade, dar brincos durante unha hora ó redor dunha fermosa cadela, algo desleixada no seu aseo, pero altiva e agradecida.

E todos son puntualísimos, sen axendas, sen apuntes e sen carteiras. ¿Coñecen a preguiceira Bélxica, e admiraron coma min a todos aqueles cans forzudos enganchados ó carro do carnicero, da leiteira ou do panadeiro, e que, cos seus ladros triunfais, dan fe do pracer fachendoso que experimentan ó competir cos cabalos?

¡Aquí hai dous que pertencen a unha clase aínda máis civilizada! Permítanme que os introduza no cuarto do saltimbanqui ausente. Unha cama, de madeira pintada, sen cortinas, con mantas tiradas polo chan e cheas de chinches, dúas cadeiras de palla, unha estufa de ferro, un ou dous instrumentos de música estragados. ¡Oh, triste mobiliario! Pero miren, por favor, aqueles dous personaxes intelixentes, vestidos con roupas a un tempo esgazadas e suntuosas, con tocados de trovador ou de militar, que están vixiando, co coidado dos meigos, a *obra sen nome* que se está cocendo a lume lento na estufa, e no medio da que se ergue unha culler longa, plantada coma un destes mastros que anuncian nos aires que o traballo do albanel está rematado.

¿Non é xusto que comediantes tan cumpridores non se poñan en camiño antes de ter cheo o estómago cun bo e reconstituínte caldo? ¿E non estarán dispostos a perdoar algo de sensualidade a aqueles pobres diabos que teñen que se enfrontar durante todo o día coa indiferencia do público e mailas inxustizas dun director que leva a parte máis grande e come, el só, máis caldo ca catro comediantes?

¡Cantas veces contemplei, a sorrir e conmovido, todos estes filósofos de catro patas, escravos compracentes, submisos ou sacrificados, que o diccionario republicano ben podería cualificar de oficiosos, se a república, que anda demasiado preocupada coa *felicidade* dos homes, tivese tempo para coidar do *honor* dos cans! E ¡cantas veces pensei que igual existía nalgún sitio (¿quen sabe, despois de todo?) para recompensar tanto valor, tanta paciencia e tanta laboriosidade, un paraíso especial para os cans bos, os pobres cans, os cans enlamados e desconsolados. ¡Swedenborg afirma que hai un para os Turcos e un para os Holandeses!

Os pastores de Virxilio e de Teócrito agardaban, como premio polos seus cantos alternados, un bo queixo, unha frauta da mellor casa, ou unha cabra de ubres inchados. O poeta que cantou ós cans pobres tivo como recompensa un fermoso chaleco dunha cor a un tempo rechamante e murcha, que fai pensar no sol de outono, na beleza das mulleres maduras e nos veráns do San Martiño.

Ningún dos que estaban presentes na taberna da rúa de Villa-Hermosa ha esquecer con que ousadía o pintor se desfixo do chaleco para ofrecerllo ó poeta, ata tal punto que comprendeu que era bo e honroso cantar ós cans pobres.

Tal que un magnífico tirano italiano, do bo tempo atrás, que agasallaba ó Arentino sexa unha daga enriquecida con pedrerías, sexa unha capa de gala, a cambio dun valioso soneto ou dun curioso poema satírico.

E cada vez que o poeta pon o chaleco do pintor, ten que pensar nos cans bos, nos cans filósofos, nos veráns do San Martiño e mais na beleza das mulleres moi maduras.

## XLII

### UN PURA RAZA

É francamente fea. ¡E mais, deliciosa!

O Tempo e mailo Amor marcárona coas súas gadoupas e ensináronlle cruelmente o que cada minuto e cada bico levan de mocidade e garridez.

É verdadeiramente fea; é formiga, araña se queren, mesmo esqueleto; pero é tamén beberaxe, maxisterio, ¡bruxería!, en suma, é exquisita.

O Tempo non puido tronza-la faiscante harmonía do seu camiñar nin a indestructible elegancia da súa osamenta. O Amor non alterou a suavidade do seu alento de nena; e o Tempo non arrincou nada da súa abundante cabeleira onde exhalan os túzaros recendos de toda a endemoñada vitalidade do Mediodía francés: Nimes, Aix, Arles, Aviñón, Narbona, Tolosa, cidades benditas do sol, ¡amorosas e encantadoras!

Certamente, o Tempo e mailo Amor chantaron os dentes nela; non quitaron nada do encanto impreciso, pero eterno, do seu peito coma de home.

Gastada quizais, mais non cansa, e sempre heroica, fai pensar naqueles cabalos de pura raza que o ollo do verdadeiro afeccionado sabe recoñecer, aínda que estean enganchados a unha carroza de alugamento ou a un pesado carro.

¡E ademais é tan doce e afervoadada! O seu amor é coma o amor de outono; diríase que o inverno que se achega acende no seu corazón un lume novo, e o servilismo do seu agarimo non resulta nunca pesado.

*GRUPO DE 1867*

## XLIII

### RETRATOS DE AMANTES

Nun pequeno salón para homes, é dicir nun fumadoiro contiguo a un elegante garito, catro homes fumaban e

bebían. Non eran precisamente nin mozos nin vellos, nin guapos nin feos; pero vellos ou mozos todos levaban este trazo distintivo e inconfundible dos veteranos da esmorga, este indescribible non sei qué, aquela tristura fría e brincadeira que di ben claro: "Vivimos intensamente e andamos a procurar qué poderíamos querer e valorar agora."

Un deles orientou a conversa ó tema das mulleres. Sería de sabios non dicir nada delas; pero hai xente culta que, logo de beber, non desbota conversas triviais. Daquela escóitase ó que fala como se escoitaría música de baile.

—Tódolos homes —diciá este— tiveron a idade de Querubín: é a época na que, a falta de Driadas, bícase, sen noxo, unha estaca. É o primeiro grao do amor. No segundo grao, empézase a elixir. Poder deliberar, xa é unha decadencia. É cando se busca resoltamente a beleza. No que a min fai, señores, teño fachenda de chegar, hai tempo, á época climatérica do terceiro grao na que a soa beleza xa non abonda, se non vai acompañada co perfume, as galas, etc... Hei confesar incluso que, por veces, soño cun certo cuarto grao — coma se fose unha dita descoñecida— e que debe representa-la serenidade absoluta. Pero, durante toda a miña vida, exceptuando a idade de Querubín, fun máis sensible que calquera outro á irritante babecada, á exasperante mediocridade das mulleres. O que máis me gusta nos animais é o seu candor. Así que ides ver canto tiven que sufrir coa miña última amante.

»Era a filla bastarda dun príncipe. Fermosa, claro está; sen isto, ¿por que a había coller? Mais estragaba esta gran calidade cunha ambición desprazada e monstruosa. Era unha muller que quería sempre comportarse coma un home. "¡Non é vostede home! ¡Ah! ¡se eu fose home! ¡Dos dous, o home son eu!" Tales eran as insoportables cantilenas que saían daquela boca da que non quixera ver saír máis ca cantigas. A propósito dun libro, dun poema, dunha ópera para as que me escapaban xuízos admirativos: "¿Acaso cre vostede que isto é excepcional?", diciá ó momento, "¿quE sabe vostede sobre o excepcional?". E argumentaba.

»Un bo día deulle pola química; de xeito que entre a súa boca e maila miña atopaba daquela unha máscara de vidro. Ademais de todo isto, mexeriqueira en punto sumo. Se por veces a empurraba cun aceno un pouco demasiado apaixonado, convulsionábase coma unha persoa de sensibilidade enfermiza á que están forzando...

—¿Como rematou iso? —preguntou un dos outros tres—. Non sabía que fose vostede tan paciente.

—Deus —dixo— dispuxo o remedio contra o mal. Un día atopei a esta Minerva, famenta de forza ideal, en íntima conversa co meu criado, e nunha situación que me obrigou a retirarme discretamente para que non avermellasen. A mesma noite despedinos ós dous, e paguéille-lo soldo atrasado.

—No que a min fai —seguiu o que interrompera—, non podo queixarme máis que de min mesmo. A felicidade veu vivir na miña casa, e non a recoñecín. Ultimamente, o destino concedérame gozar dunha muller que era, sen dúbida, a máis doce, a máis submisa e a máis servicial das criaturas, ¡e sempre disposta! ¡e desprovista de entusiasmo! "De acordo, pois que a vostede lle resulta agradable." Tal era a súa resposta normal. Se moesen a paos esta parede ou este sofá, habíanlles arrincar máis queixas cás que o ímpeto do amor máis furioso arrincaba da boca da miña amante. Despois dun ano de vida en común, confesoume que nunca gozara. Fartei deste duelo desigual, e aquela rapaza sen par casou. Máis tarde, antollóuseme volvela ver, e díxome amosándome seis fermosos nenos: "Pois ben, meu amigo, a esposa segue tan *virxe* como era a súa amante." Nada cambiara naquela persoa. Por veces bótoa de menos: debera casar con ela.

Os outros botaron a rir. E un terceiro dixo daquela:

—Señores, eu coñecín praceres que tal vez vostedes desprezaron. Quero falar da comicidade no amor, e dunha comicidade que non exclúe a admiración. Admirei máis á miña última amante do que na miña opinión puideron vostedes odiar ou querer ás súas. E todo o mundo a admiraba tanto coma min. Cando entrabamos nun restaurante, ó cabo de poucos minutos, todos esquecían comer para contemplala. Mesmo os camareiros e a señora do mostrador experimentaban esta contaxiosa éxtase ata esquece-las súas obrigas. Nunha palabra, vivín algún tempo na intimidade dun *fenómeno* vivente. Comía, mastigaba, trituraba, devoraba, engulía, pero co aire máis displicente e despreocupado do mundo. Deste xeito tívome extasiado longo tempo. Tiña un xeito doce, distraído, inglés e novelesco de dicir: "¡Teño fame!" E repetía estas palabras día e noite, amosando os máis fermosos dentes do mundo, que os haberían conmovido e divertir a un tempo. Podería gañar unha fortuna amosándoa nas feiras como *monstro polífago*. Alimentábaa ben; e non obstante, deixoume...

—¿Para fuxir cun fornecedor de víveres?

—Algo semellante, unha especie de empregado da intendencia, quen, gracias a algunha trampa coñecida por el, ó mellor proporcionálle a aquela pobre rapaza o rancho de varios soldados. Cando menos, é o que supuxen.

—Eu —dixo o cuarto— aturei horrorosos sufrimentos por culpa do contrario do que se adoita reprochar á egoísta femia. Atópoos algo desprazados, ¡afortunados mortais que se queixan dos defectos das súas amantes!

Dixo isto, cun ton moi serio, un home de aspecto manso e sereno, de fisionomía case clerical, desgraciadamente iluminada por ollos de cor gris clara, ollos que din: "Iso quero" ou "É precioso", ou "¡Endexamais perdo!"

—Nervioso como o coñezo, vostede, G..., covardes e desenfadados como son vostedes dous, K... e J..., de xuntárense con certa muller que eu sei, habían emprende-la fuga, ou morrer. Eu, como ven, sobrevivín. Imaxinen unha persoa incapaz de cometer un erro de sentimento ou de cálculo, figúrense unha desoladora serenidade de carácter, un desvelo sen comedias e sen énfase, unha dozura sen fallos, unha enerxía sen violencias. A historia do meu amor parécese a unha viaxe interminable por unha superficie pura e luída coma un espello, vertixinosa de monotonía, que había reflectir tódolos meus sentimentos e acenos coa irónica exactitude da miña propia conciencia, de xeito que non me podía permitir un aceno ou un sentimento disparatado sen divisar de inmediato o mudo reproche do meu inseparable espectro. O amor aparecíame como unha tutela. ¡Cantas parvadas impedi que fixese, que sinto non ter cometido! ¡Cantas débedas pagadas sen querer! Privábame de tódolos beneficios que puidese tirar da miña tolemia persoal. Con frío e infranqueable rigor, pecháballe-lo paso a tódolos meus caprichos. Para máis de horror, non esixía agradecemento, unha vez pasado o perigo. ¡Cantas veces me contiven para non collela polo pescozo e berrarlle: "Desgraciada, a ver se es imperfecta, para que te poida querer sen reparo nin cólera!" Durante varios anos, admireina, o corazón cheo de odio. ¡En fin, eu non fun o que deixei a vida niso!

—¡Ah! —exclamaron os outros—, ¿de maneira que morreu?

—¡Si! Isto non podía durar así. Para min, o amor convertérase nun pesadelo abafante. ¡Vencer ou morrer, iso di a Política, esta era a alternativa que me impoñía o destino! Unha noite, nun bosque... na beira dunha poza... despois dun melancólico paseo durante o que os seus ollos reflectían a suavidade do ceo e o meu corazón estaba alporizado coma o inferno...

—¡Que!

—¡Como!

—¿Que quere dicir vostede?

—Era inevitable. Teño demasiado sentimento da equidade para pegar, ofender ou despedir a un criado irreprochable. Pero tiña que facer compaxinar este sentimento co horror que aquel me inspiraba; desfacerme del sen faltarlle ó respecto. ¿Que querían que fixese con ela, *pois que era perfecta?*

Os outros tres compañeiros mirárono con ollos indecisos e lixeiramente aloulados, como finxindo non comprender e como confesando implicitamente que eles non se sentían quen dunha acción tan rigorosa, aínda que abondo xustificada polo demais.

Despois, mandaron traer novas botellas, para mata-lo Tempo, para mata-lo Tempo que ten a vida tan dura, e acelera-la Vida que flúe tan lentamente.

XLIV

ANY WHERE OUT OF THE WORLD

EN CALQUERA SITIO OU FÓRA DO MUNDO

Esta vida é un hospital no que cada enfermo está posuído polo desexo de cambiar de cama. Este quería sufrir fronte da estufa, e aqueloutro pensa que cabo da fiestra había curar.

A min paréceme que sempre estarei ben onde non estou, e este asunto de mudanza é un que estou discutindo arreo coa miña alma.

—Dime, alma, pobre alma arrefriada, ¿que che parecería vivir en Lisboa? Alí debe ir calor, e habíaste revitalizar coma un lagarto. Aquela cidade está á beira da auga; din que é toda de mármore, e que o pobo odia tanto o vexetal que arrinca tódalas árbores. Aquela é unha paisaxe do teu gusto; unha paisaxe feita de luz e minerais, ¡e o líquido para reflectilos!

A miña alma non contesta.

—Xa que che gusta tanto descansar co espectáculo do movemento, ¿queres ir vivir a Holanda, aquela terra beatificante? Tal vez te divirtas naquela rexión da que tantas veces admiráche-la imaxe nos museos. ¿Que tal Rotterdam, ti que aprecias tanto os bosques de mastros e os navíos amarrados ó pé das casas?

A miña alma permanece muda.

—¿Se cadra gústache máis Batavia? Por outra banda, alí atopariámo-lo espírito de Europa mesturado coa beleza tropical.

Nin unha palabra. ¿Estará morta a miña alma?

—¿Será que chegaches a tal punto de entumecemento que non estás a gusto máis que no teu mal? Se é así, fuxamos dos países que son analoxías da morte. Teño o que necesitamos, ¡pobre alma! Farémo-las maletas para ir a Borneo. Vaiamos máis lonxe aínda, á extrema fin do Báltico; aínda máis lonxe da vida, se é que se pode; instalémonos no polo. Alá o sol non lle toca á terra máis que oblicuamente, e as alternancias lentas do día e a noite suprimen a variedade e aumentan a monotonía, aqueloutra metade da nada. Alá poderemos tomar longos baños de tebras, mentres que, para nos divertir, as auroras boreais hannos enviar de cando en cando os seus feixes de luz rosados, ¡coma os reflexos dos fogos artificiais no Inferno!

Ó cabo, a miña alma rebenta, e bérrame tranquila:

—¡En calquera sitio, en calquera sitio! ¡sempre que sexa fóra deste mundo!

## XLV

### O CAMPO DE TIRO E MAILLO CEMITERIO

*A Miradoiro do Cemiterio, café.* "¡Curioso letreiro", pensou o noso paseante, "pero feito de man tenta para que che entre a sede! De certo, o amo desta taberna sabe apreciar a Horacio e ós poetas da escola de Epicuro. Mesmo quizais coñece o profundo refinamento dos antigos exipcios, para os que non podía haber bo festín sen esqueleto, ou sen algún emblema que representase a brevidade da vida."

E entrou, tomou un vaso de cervexa fronte das tumbas, e fumou a modiño un xaruto. Despois, quixo baixar ó cemiterio, as herbas do cal eran tan altas e tentadoras, e onde reinaba tan magnífico sol.

Con efecto, a luz e maila calor estaban desencadeadas, e diríase que o sol ebrio se estomballaba tan longo era nunha alfombra de magníficas flores fertilizadas pola destrucción. O aire zunía un infinito rumor de vida – a vida dos infinitamente pequenos–, cortado a intervalos regulares polos disparos nun campo de tiro veciño, que estouraban como a explosión dos tapóns de champaña no medio do zunido dunha sinfonía tocada en sordina.

Daquela, baixo o sol que lle quentaba o cerebro e na atmosfera dos perfumes ardentes da Morte, sentiu unha voz que rosmaba na tumba na que estaba sentado. E esta voz dicía:



—¡Malditas sexan as vosas dianas e as vosas carabinas, turbulentos vivos, que tan pouco vos preocupades polos defuntos e o seu divino descanso! ¡Malditas sexan as vosas ambicións, malditos os vosos cálculos, impacientes mortais, que vides estudia-la arte de matar preto do santuario da Morte! ¡Se soubesedes que doado é gaña-lo trofeo, que doado é dar na diana, e ata que punto todo é Nada, agás a Morte, non vos cansariades tanto, laboriosos vivos, e viriades perturbar menos veces o sono dos que desde hai tempo deron na diana, na única verdadeira diana da detestable vida!

## POEMAS PUBLICADOS NA EDICIÓN PÓSTUMA

### XLVI

#### ¡BATAMOS NOS POBRES!

Durante quince días, confinárame no cuarto, rodeárame de libros que daquela estaban de moda (hai dezaseis ou dezasete anos); falo dos libros nos que se trata da arte de facer ó pobo feliz, asinado e rico en vintecatro horas. Xa que logo, dixerira –quero dicir engulira– todas estas elucubracións daqueles contratistas da felicidade pública, dos que aconsellan a tódolos pobres que se fagan escravos, e dos que os convencen de que son reis destronados. De maneira que non ha sorprender a ninguén que estivese nun estado mental lindeiro coa vertixe ou a estupidez.

Mais parecérame que sentía, arrecantado no fondo do meu intelecto, o escuro xermolo dunha idea superior a tódalas fórmulas caseiras das que acababa de percorre-la lista. Pero non era máis que a idea dunha idea, algo infinitamente impreciso.

E saín con moita sede. Pois o gusto apaixonado polas malas lecturas xera unha necesidade proporcional de aire fresco e refrescos.

A piques de entrar nunha taberna, o esmoleiro presentoume a pucha, cunha desas olladas inesquecibles que derrubaría os tronos do espírito se fose quen de remove-la materia, e se a ollada dun magnetizador fixese madurece-las uvas.

Ó mesmo tempo oín unha voz que murmuraba nos meus oídos, unha voz que recoñecín de sobra; era a do Anxo bo, ou do Demo bo que me acompaña por tódolos sitios. Xa que Sócrates tiña o seu Demo bo, ¿por que eu non había poder te-lo meu Anxo bo, e por que non había ter eu a honra, coma Sócrates, de obter un certificado de loucura, asinado polo sutil Lélut e o perspicaz Baillarger?

Entre o Demo de Sócrates e o meu hai esta diferenza: o de Sócrates non se manifestaba senón para prohibir, avisar, impedir; o meu dígñase aconsellar, suxerir e persuadirme. O pobre Sócrates non tiña máis que un Demo prohibidor; o meu é un grande afirmador, o meu é un demo de acción, ou Demo de combate.

Pois ben, a súa voz murmurábame o seguinte: "Só é o igual doutro quen o demostra, e só é digno de liberdade quen sabe conquistala."

De contado, boteime ó esmoleiro. Cunha puñada púxenlle un ollo á funerala, poñéndose con outra coma unha pelota. Partín unha uña ó crebarlle dous dentes; e, como non me sentía abondo forte, por ser delicado desde o meu nacemento e ter practicado pouco o boxeo, para poder moer a paos en pouco tempo a aquel ancián collino cunha man polo colar do abrigo e coa outra agarreille a gorxa, e empecei a bater fortemente a súa cabeza contra unha parede. Debo confesar que, antes, recoñecera os arredores dunha ollada, e decatárame de que neste arrabalde deserto estaba fóra do alcance de calquera policía durante un tempo.

Despois, logo de que fixen caer a este desvalido sesaxenario cunha patada nas costas capaz de romperlle as omoplatas, botei man dunha póla que estaba tirada no chan e dei en baterlle coa enerxía teimuda dos cocifeiros que queren amolecer un bisté.

De repente –¡oh, milagre!, ¡oh, goce do filósofo que indaga a exactitude da súa teoría!–, vin aquela entrega osamenta dar volta e incorporarse cunha enerxía inesperable nunha máquina tan estragada, e, cunha ollada de odio, que me pareceu de bo agoiro, o malandrín decrépito botouse a min, púxome os dous ollos á funerala, rompeume catro dentes e, coa mesma póla, arreoume unha soberana malleira. Gracias ó meu enérxico tratamento, devolvéralle o orgullo da vida.

Daquela fixen múltiples acenos para darlle a entender que consideraba a discusión rematada, e poñéndome en pé coa satisfacción dun sofista do Pórtico, díxenlle:

—Señor, *¡somos iguais!* Dígnese compartir comigo esta miña bolsa; e lembre, se é realmente filántropo, que ten que aplicar a tódolos seus semellantes, cando lle pidan esmola, a teoría que tiven a *dor* de poñer a proba nas súas costas.

Xuroume que entendera perfectamente a miña teoría, e que había obedece-los meus consellos.

## XLVII

### A SEÑORITA BISTURÍ

Chegando ó final do barrio, so as luces do gas, sentín un brazo que se colocaba suavemente baixo do meu, e oín unha voz que me deitaba na orella:

—¿É vostede médico, señor?

Mirei; era unha rapaza alta, forte, cos ollos moi abertos, discretamente maquillada, o pelo aboiano ó vento coas cintas do pucho.

—Non, non son médico. Déixeme pasar.

—¡Oh, si, vostede é médico. Ben o vexo. Veña á miña casa. Non ha ter queixas de min, téñao por seguro!

—Ben, si, ireina ver, pero despois, *despois do médico*, ¡que demo!

—¡Ha, ha –dixo sen soltarme o brazo e botando a rir–, é vostede un médico algareiro, coñecín varios desta sorte! Veña.

Apaixóname o misterio, porque sempre teño a esperanza de esclarecelo. De xeito que me deixei levar por aquela compañeira, ou mellor dito por aquel enigma inesperado.

Paso por alto a descrición do cubil; pódese atopar nas obras de varios antigos poetas franceses sobradamente coñecidos. Unicamente direi, detalle esquecido por Régnier, que dous ou tres retratos de médicos célebres penduraban da parede.

¡Como me afagou! Bo lume, viño quente, xarutos; e, ó ofrecerme aquelas boas cousas e mentres acendía ela mesma un xaruto, a bufonesca criatura dicíame:

—Faga coma na súa casa, meu amigo, póñase cómodo. Halle lembra-lo hospital e os tempos felices da mocidade. ¡Ah, vaia!, ¿onde pillou estas canas? Non era vostede así non hai tanto tempo, cando era médico interno con L... Estouno vendo, era vostede o seu asistente nas operacións graves. A ese ¡si que lle gustaba cortar, tronzar e rebaixar sobrantes! Vostede pasáballe os instrumentos, os fíos e mailas esponxas. E ó que remataba a operación, el dicía fachendoso mirando o reloxo: "¡Cinco minutos, señores!". ¡Oh!, eu vou por tódolos sitios. Coñezo ben a estes señores.

Uns instantes máis tarde, atuábame, e seguindo coa ladaíña, dicíame:

—¿Ti es médico, non si, gatiño?

A incompreensible cantilena fixo que me puxese en pé bruscamente.

—¡Non! –berrei furioso.

—Daquela, ¿cirurxián?

—¡Que non, de non ser que sexa para cortarlle a cabeza! ¡Cago... na p... de súa n...!

—Agarda –seguíu–, xa verás.

Sacou dun armario un feixe de papeis, que non era outra cousa que colección de retratos dos médicos ilustres daquela, litografados por Maurin, que se puido contemplar durante varios anos no peirao Voltaire.

—¡Olla este! ¿Coñécelo?

—Si, é X. Ademais, o nome está embaixo; pero coñezoo persoalmente.

—Xa sabía eu. Olla, este é Z., o que dicía na clase, referíndose a X: "¡Este monstro que leva na cara a alma negra!" ¡Todo isto, porque o outro non opinaba coma el sobre o mesmo tema! ¡Como rían disto na Escola antes! ¿Lembras? Olla, este é K., o que denunciaba ante o goberno ós insurrectos que curaba no hospital. Era cando os motíns. ¿Como pode ser que un home tan guapo teña tan pouco corazón? Olla, agora é W, un famoso médico inglés; pesqueino durante a súa estadía en París. ¿El non parece unha señorita?

E como eu lle tocaba a un paquete atado cun cordel, que estaba colocado tamén na mesiña:

—Agarda un pouco –dixo–. Estes son os internos, naquel paquete están os externos.

E dispuxo en abano gran cantidade de imaxes fotográficas, que representaban fisionomías moito máis mozas.

—Cando nos volvamos ver, ¿hasme dar un retrato teu, non si, querido?

Pero –díxenlle, seguindo, tamén eu, unha idea fixa–, ¿por que estás en que son médico?

—¡Es tan amable e bo coas mulleres!

"Curiosa lóxica", pensei para min.

—Oh, non me trabuco tanto; coñecín moitos. Gústanme tanto estes señores que, aínda que non estea doente, por veces vounos visitar, só para velos. Hainos que me din friamente: "¡Pero se non está enferma!" Mais hai outros que me comprenden porque lles fago uns cantos agarimos.

—¿E cando non te comprenden...?

—¡Home!, como os molestei *por nada*, deixo dez francos na cheminea. ¡Son tan boas, tan amables estas persoas! No hospital da Piedade atopei un mociño interno que é guapo coma un anxo, ¡e cuns modais!, e traballador, ¡pobre rapaz! Os compañeiros del dixéronme que non tiña nin can, porque os pais son pobres e non lle poden enviar nada. Isto deume confianza. Ó cabo, non son unha muller fea, aínda que non son nova. Díxenlle: "Venme ver, venme ver moitas veces. E comigo, non te preocupes; non necesito cartos". Pero claro, comprenderás que llo fixen entender de mil maneiras; non llo soltei así de golpe; tiña medo de humillalo, ¡pobre rapaz! Pois ben, ¿sabes que se me antollou algo raro que non me atrevo a dicirlle? Gustárame que me viñese ver co maletín e o mandil, ¡mesmo cun pouco sangue encima!

Díxome isto con aspecto de candidez, como un home sensible lle había dicir a unha actriz querida: "Quero vela vestida co traxe que levaba naquel famoso papel que creou".

Eu, teimudo, seguín:

—¿Podes lembra-la época ou as circunstancias en que naceu esta paixón tan particular?

Coustome moito que me entendese; ó cabo conseguino. Pero daquela contestoume con cara moi triste, e mesmo, polo que podo lembrar, afastando a ollada:

—Non sei... non me acorda...

¡Cantas rarezas se atopan nunha gran cidade cando un sabe pasear e observar! A vida é un formigueiro de monstros inocentes. ¡Señor, meu Deus!, vós, o Creador; vós, o Mestre; vós, que fixestes a Lei e maila Liberdade; vós, o soberano que deixades facer; vós, o xuíz que perdoa; vós, que rebordades motivos e causas, e que ó mellor puxestes na miña mente o gusto polo horror para converte-lo meu corazón, como a curación espetada nun nun coitelo; ¡señor, ten piedade, ten piedade dos tolos e mais das tolas! ¡Oh Creador! ¿poden existi-los monstros ós ollos de Quen só sabe por qué existen, como *se fixeron* e como poderían *non facerse*?

## XLVIII

### PERDA DA AURÉOLA

—¡Como! ¡Vostede, meu amigo! ¡aquí! ¡Vostede, nun lugar de perdición! ¡Vostede, o bebedor da quintaesencia! ¡vostede, o comedor de ambrosía! ¡Verdadeiramente, hai de qué sorprenderse!

—Amigo meu, ben sabe canto me aterran os coches e mailos cabalos. Hai un momento, mentres cruzaba apresuradamente o bulevar, dando brincos no medio da lama, a través deste caos movedizo no que a morte asoma por todas partes a un tempo, nun movemento brusco, caeume a auréola da cabeza e foi parar no bulleiro do asfalto. Non tiven o valor de recollela. Pensei que había ser menos desagradable perde-las miñas insignias que facer que expoñerme a que me crebasen os ósos. E ademais, pensei que non hai mal que por ben non veña. Agora podo pasear de incógnito, cometer viles accións, alternar cos canallas, coma os simples mortais. E ¡xa me ten aquí, igual ca vostede, como pode ver!

—Cando menos, podería poñer un anuncio ou reclamarlla ó comisario de policía.

—¡Abofé que non! Aquí atópome a gusto. Vostede é o único que me recoñeceu. Ademais, a dignidade abúrreme. Despois penso con ledicia que algún mal poeta ha de recollela e poñela descaradamente. Facer feliz a alguén, ¡que delicia! ¡e sobre todo a alguén que me fará rir! ¡Pense en X ou en Z! ¿Imaxina? ¡Que divertido ha ser!

## XLIX

### O TIRADOR GALANTE

Cando o coche cruzaba o bosque, mandou deterse preto dun campo tiro, dicindo que lle apetecía disparar algunhas balas para *matar* o Tempo. Matar a aquel monstro, ¿acaso non é a ocupación máis normal e lexítima de cada un? E ofreceulle galantemente a man á súa querida, deliciosa e abominable muller, a aquela misteriosa muller á que debe tantos praceres, tantas dores, e se cadra tamén boa parte do seu xenio.

Varias balas foron dar lonxe da diana; unha delas mesmo se meteu no teito; e como a encantadora criatura ría tolamente burlándose da torpeza do esposo, este volveuse bruscamente a ela e díxolle:

—Repare naquela boneca, alí, á dereita, que ten o nariz erguido e que parece tan altiva. ¡Pois ben, meu anxo, *imaxino que é vostede!*

Pechou os ollos e apertou o gatillo. A boneca resultou decapitada redondamente.

Daquela, debuzándose cara á querida, deliciosa e abominable esposa, a súa inevitable e desapiadada Musa, e bicándolle respectuosamente a man, engadiu:

—¡Ah, querida, como lle agradezo esta miña destreza!

L

### A SOPA E MAILAS NUBES

A miña pequena louca ben querida estábame a da-la cea, e pola fiestra aberta do comedor, contemplaba as arquitecturas movedizas que Deus fai cos vapores, as maravillosas construcións do impalpable. E pensaba, no medio da miña contemplación: "Todas estas fantasmagorías son case tan fermosas coma os ollos da miña fermosa amada, a pequena tola monstruosa dos ollos verdes."

E de súpeto, recibín unha violenta puñada nas costas, e oín unha voz rouca e deliciosa, unha voz histérica e como enrouquecida pola augardente, a voz da miña pequena amada adorada, que dicía:

—¿Vas come-lo caldo, cacho c... vendedor de nubes?